Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 17/06/2020 01:12:22
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 13

Sesión da Deputación Permanente
4 de xuño de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1.

Debate da solicitude do escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña (doc. núm. 64279).

Punto 2.

Comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria co obxecto de avaliar a situación que atravesa a factoría de Alcoa, en San Cibrao (doc. núm 64278).

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e catro minutos da mañá.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente prégalles aos presentes na sala que se garde un minuto de silencio en memoria das vítimas da covid-19. (Páx. 5.)

Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 5.)

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente ou con delegación de voto. (Páx. 5.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta de dous puntos, e explica a ordenación do debate. (Páx. 5.)

Debate da solicitude do escrito dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicita a celebración dunha sesión da Deputación Permanente co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios propoñentes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 6.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 7.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 8.) e *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 11.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios propoñentes: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 14.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 14.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 15.) e *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 17.).

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da solicitude de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia

Votación do escrito dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña (doc. núm. 64279): *rexeitado por 10 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 18.)

Comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria co obxecto de avaliar a situación que atravesa a factoría de Alcoa en San Cibrao. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 18.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 24.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 27.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 30.), *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 34.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 37.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 41.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 47.), *a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 48.), *a señora Chao Pérez (GCE)* (Páx. 50.), *o señor Caballero Míguez (S)* (Páx. 51.), *o señor Tellado Filgueira (P)* (Páx. 54.) *e o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 56.)

Rematados os puntos da orde do día, o señor presidente dá por finalizada esta sesión da Deputación Permanente. (Páx. 57.)

Remata a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás once e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Imos dar comezo a esta sesión da Deputación Permanente.

Antes, prégolles que gardemos un minuto de silencio en memoria das vítimas da covid.

(As señoras e señores deputados, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes a esta sesión da Deputación Permanente, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

Grazas.

Prégolle á señora secretaria que comprobe a asistencia e as delegacións.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: Dª Raquel Arias Rodríguez, Dª Marta Nóvoa Iglesias, Dª Paula Prado del Río, D. Pedro Puy Fraga, Dª Marta Rodríguez Arias, Dª Cristina Isabel Romero Fernández, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D. Gonzalo Trenor López, D. Daniel Vega Pérez, D. Luis Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Dª Luca Chao Pérez, Dª Carmen Santos Queiruga, Dª Ana Belén Pontón Mondelo, Dª Olalla Rodil Fernández e D. David Rodríguez Estévez; así como os membros do Goberno comparecentes, D. Francisco Conde López, e os membros da Mesa que presiden a sesión, Dª Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez): Si. Bos días, señor presidente.

Comprobadas as asistencias, hai quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora secretaria.

Entramos na orde do día. Hai dous documentos. Ten dous puntos esta orde do día.

O primeiro é o debate da solicitude do escrito do GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicita a celebración dunha sesión da Deputación Permanente co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña.

O segundo é a comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, co obxecto de avaliar a situación que atravesa a factoría de Alcoa en San Cibrao.

O señor PRESIDENTE: Comezamos co punto 1.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Debate da solicitude do escrito dos GG. PP dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicita a celebración dunha sesión da Deputación Permanente co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate consiste nunha rolda de defensa da petición para os grupos parlamentarios propoñentes, por un tempo de dez minutos, que a reparten en dous minutos e medio ou un pouco máis por cada grupo propoñente; unha rolda do grupo parlamentario non propoñente para fixar a súa posición sobre o documento por un tempo de dez minutos e unha rolda de réplica para os grupos propoñentes por un tempo estimado de en torno a seis minutos. Despois procederemos á votación do documento.

Comezamos, polo tanto, coa rolda dos grupos parlamentarios. Ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, don David Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Bo día a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario de En Marea, xunto co resto dos grupos da oposición, solicitamos a comparecencia do presidente da Xunta para dar conta desas medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña.

A Deputación Permanente está fundamentalmente para debater e para pedir respostas ao Goberno durante situacións importantes ou excepcionais. ¿Esta é unha situación excepcional e de importancia? Pois pensamos que si; pensamos que si a oposición, pero parece ser que o grupo de goberno e o señor Feijóo non o ven así, e o presidente da Xunta rexeita acudir, vir a este Parlamento a dar contas.

A posible perda de miles de postos de traballo arruína A Mariña de Lugo. Non merecen que empregue o seu tempo en estar hoxe aquí.

Parécenos moi mal que o presidente da Xunta se agoche, como leva facendo todos estes meses, no telexornal da TVG, da canle pública, e non dea a cara ante a cidadanía, aquí representada por todos os grupos parlamentarios. Ante esta situación, dende En Marea amosámonos sorprendidas e abraiadas porque pensamos que é unha covardía política de calibre do señor Feijóo, que, ante unha crise, unha das crises industriais máis importantes da historia de Galiza, se esconde e non quere dar a cara.

Estamos asombrados e perplexos de que o presidente da Xunta non queira nin falar de cuestións esenciais. Non sabemos se ten propostas para intentar solucionar a crise de Alcoa nin que lle parecen as propostas que hoxe imos traer aquí o resto de partidos. E o que fai é agocharse unha vez máis no telexornal da TVG, sen dar a cara ante os representantes da cidadanía que estamos aquí escollidos.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ao mellor, está buscando, como xa pasou hai catro anos, outro coello electoral na chisteira, como foi o de Pemex naquel momento, para salvar a industria naval galega. Pode ser que desta volta o señor Feijóo tamén o intente.

Tamén é un espectáculo o que se está dando entre o Partido Popular aquí, na Xunta, e os grupos que están gobernando no Estado; ese *pim, pam, pum* que están tendo sobre a planta de Alcoa. Pero estamos no Parlamento galego e tócanos exixir ao presidente da Xunta que deixe de sinalar culpables e que veña a este Parlamento a traer solucións e a dar respostas.

Non é o momento de culpas, pensamos; pensamos que é o momento de propostas e de respostas, e por iso pensamos que hoxe o presidente da Xunta de Galicia tiña que estar aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

O pasado xoves, 28 de maio, a dirección de Alcoa anunciou o despido de 534 traballadores e traballadoras na planta de San Cibrao, ao que hai que sumar centos máis de despidos nas auxiliares. Sabemos que iso é a antesala dun peche dunha factoría, que, no caso de consumarse, suporá a morte da comarca da Mariña e a perda de miles de empregos no noso país.

Ese día a gran aportación do presidente da Xunta foi poñer un chío en *Twitter*, facendo o que mellor se lle dá, cando Galiza ten un problema, que é tirar balóns fóra e poñerse de perfil.

Hoxe, xoves, 4 de maio, unha semana despois, sete días despois, eternos para as familias da Mariña que teñen o corazón nun puño, este Parlamento abre as súas portas, pero por elas non vai entrar o presidente da Xunta para dar explicacións ante un país que ten miles de empregos na picota e que está a punto de perder un sector estratéxico como é o do aluminio.

A ausencia do señor Feijóo hoxe neste Parlamento, cando están en xogo miles de empregos, cando está en xogo o futuro dunha comarca, é o maior exercicio de escapismo político que temos visto nos últimos anos, e demostra até que punto ao señor Feijóo este país, a xente deste país, lle importa un pito.

¿Onde está hoxe o señor Feijóo? ¿Que está facendo agora mesmo? ¿Que ten máis urxente que facer que comparecer no Parlamento para buscar unha solución ante o problema que teñen os traballadores e traballadoras de Alcoa?

¿Que cuestións ocuparon o presidente da Xunta mentres a comarca da Mariña estaba ao bordo do abismo dende hai unha semana? Permítanme que llelo diga:

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xoves, 28: coma se o anuncio da perda de 534 empregos en Alcoa fose unha cuestión menor, o presidente do PP seguiu coa súa axenda —videoconferencia coa Comisión de Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal pola mañá e chío pola tarde en *Twitter* sobre o asunto—. Venres, 29: homilía televisiva na TVG —¡xa van 35!—. Sábado, 30: sen axenda pública. A Mariña pode esperar. Domingo, 31, ¡como non! homilía televisiva na TVG —xa van 36 mitins encubertos na TVG—. Luns, día 1: visita a dous establecementos hoteleiros. Martes, 2: visita a unha empresa en Bergondo. Mércores, 3: intervención ante a Asociación para el Progreso de la Dirección e Deloitte. Xoves, 4: o presidente ausente no Parlamento.

Nunha semana non tivo tempo de ir á Mariña, non tivo tempo de reunirse cos traballadores e traballadoras nin tivo tempo de reunirse cos alcaldes e as alcaldesas dunha comarca que non só vai ter que enfrontar a crise do coronavirus, tamén vai ter que enfrontar o posible peche dunha factoría que representa nada menos que o 30 % do produto interior bruto de toda a provincia de Lugo.

Aos efectos letais en termos sanitarios, económicos e sociais do coronavirus, hai que engadir a letalidade dun presidente ausente, escapista e irresponsable, incapaz de dar a cara cando máis o necesita o país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que prefire estar na comodidade da TVG, utilizando a sede do Goberno, para facer campaña electoral.

Remato, presidente.

A Mariña merece moito máis, e nós temos solucións. No caso de Alcoa, é necesario intervención pública da Xunta e do Estado para nacionalizar a factoría e tarifa eléctrica galega. Con ambas medidas podemos salvar o país, a produción e os postos de traballo. Só fai falta vontade política e amor por este país, e o BNG ten as dúas cousas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Rematou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas.

Moi bo día a todas e a todos.

«E cando espertou, Feijóo aínda estaba na Televisión de Galicia». Permítanme parafrasear o famoso conto, porque, como vimos nestes tempos de pandemia, cando todo falla, cando

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo se abanea, resulta que a cultura é o pouco que nos queda a onde agarrarnos; a cultura e a risa, claro, pero resulta que, nestes tempos, motivos para rir, poucos. Dicía que Feijóo seguía na Televisión de Galicia, porque o que se di no Parlamento, pouco, moi pouco.

O desprezo ao que somete a esta Cámara ten chegado a tal punto de esperpento que a min aínda me resulta difícil crer o que aquí aconteceu o último día que se convocou a Deputación Permanente —imaxino que o lembran—. Convócase a Deputación Permanente para falar dun asunto tan serio como o que estaba acontecendo nos centros de atención ás persoas maiores; asunto sobre o que aínda estamos agardando que o propio señor Feijóo dea, en primeiro lugar, explicacións e, en segundo lugar, asuma responsabilidades.

Feijóo, o propio Feijóo, debera dar conta da dramática situación que se viviu, do dramático resultado de once anos de privatización dos servizos públicos, nomeadamente da atención ás persoas maiores. Feijóo debera explicar por que permitiu que se fixeran negocios cos dereitos das nosas avoas e dos nosos avós e sobre todo debera asumir responsabilidades. Pero, en vez diso, el, mitins na televisión pública pagados co diñeiro de todas as galegas e os galegos. E, claro, mandou aquí á conselleira. E nun exercicio extremo de falta de ética persoal e política, ao tempo que se estaba dando este debate, el emitía na televisión pública de Galicia o anuncio de que se convocaban eleccións; algo insólito. En lugar de vir a este Parlamento a dicir que se ían convocar eleccións, el, ignorando un debate fundamental sobre a vida de centos de persoas en Galicia, prefería anunciar que se convocaban as eleccións. ¡Velaí as prioridades deste goberno! ¡Velaí as prioridades do señor Feijóo!

Ante esta situación, ¿alguén pode estrañarse, alguén pode sorprenderse de que nun día como hoxe, no que estamos falando, ademais, de 800 postos de traballo en risco, Feijóo non acuda a esta Cámara? Absolutamente ninguén, porque, o respecto que ten o señor Feijóo polos problemas reais da cidadanía quedou máis claro que nunca nesta pandemia; quedou máis claro que nunca cales eran as súas prioridades. El non está aquí, e é curioso, non está na Televisión de Galicia. Entón, ¿onde está? Pois de campaña, como leva estando todos estes dous meses; de campaña electoral, porque ese é o único interese do señor Feijóo. Así que lamentamos que unha vez máis non veña aquí dar a cara, explicar o que fixo o seu goberno para solucionar os problemas de Alcoa. Seguramente non vén porque non ten absolutamente nada que dicir; non ten nada que dicir sobre que durante once anos a política industrial deste país fora un auténtico desastre, que durante once anos o único que fixeran fora destruír postos de traballo na industria de Galicia ata o punto de ter deixado tras de si máis de 20.000 postos de traballo na industria destruídos.

Por iso hoxe manda aquí ao señor Conde, e cada día mandará a calquera, en lugar de dar a cara. Aproveito para dicir que agardamos que o señor Feijóo explique, veña dar explicacións, sobre a situación industrial, como pedimos —hoxe tamén pediremos de novo— a súa comparecencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...para explicar o abandono, o maltrato e a manipulación da televisión pública de Galicia.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario Socialista ten pedido, co resto dos grupos parlamentarios da oposición, a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia ante a Deputación Permanente para dar explicacións, para debater, para dar respostas ante unha situación de crise industrial tan grave como a que se está vivindo na Mariña lucense e en toda Galicia. Hai unha semana unha multinacional, Alcoa, anunciaba o despido de 534 traballadores da planta de Alcoa en San Cibrao.

O Goberno galego ten plenas competencias en materia industrial de acordo co noso Estatuto de autonomía, e ten que haber goberno; ten que existir alguén á fronte do temón para levar este barco a algún determinado obxectivo. Vemos como a ausencia do Partido Popular e do Goberno da Xunta se fai patente neste Parlamento, pero tamén vemos como se fai patente na sociedade do noso país. É un presidente omnipresente nos medios de comunicación públicos, pero un presidente ausente á hora de dar respostas aos problemas do país, que prefire escapar da sede parlamentaria e agocharse antes de vir debater e dar respostas aos problemas industriais do noso país, nomeadamente á situación tan grave que está vivindo a planta de Alcoa en San Cibrao.

Feijóo debe comparecer, debe acudir ao Parlamento galego, e vimos ao longo de toda esta crise, de toda esta situación, como preferiu marcar a súa axenda persoal e personalista por riba da axenda de resposta aos problemas que Galicia reclama; como escapou do Parlamento dende o primeiro momento. Vai conseguir acabar a primeira metade deste ano acudindo ao Parlamento en catro ou en cinco ocasións, non en máis. Buscou todos os mecanismos para tentar escapar de comparecer porque non entende o Partido Popular e o presidente da Xunta que para responder á crise económica, social e sanitaria da covid temos que ter unha resposta democrática forte, argumentos contrastados e unha folla de ruta.

Hai 534 traballadores que dende hai unha semana non dormen na Mariña e hai un goberno da Xunta que ten plenas competencias en materias industriais. Debateremos logo cales son as respostas aos plantexamentos do Goberno, pero o que si sabemos é que Galicia merece un presidente que compareza no Parlamento e que non fuxa, que a Mariña merece respostas e un presidente que acuda á sede parlamentaria, primeiro porque había estado de alarma. Logo buscou un acordo no que establecía que cada quince días ía comparecer en sede parlamentaria. Convocou as eleccións e incumpre o acordo que di que o presidente da Xunta comparecería cada quince días en sede parlamentaria tamén. Non se cumpriu antes e non se cumpre agora porque Feijóo non cumpre co Parlamento de Galicia, porque Feijóo non cumpre con Galicia. E non cumpre cando non dá respostas aos problemas máis graves que hai nun país, que ve unha crise industrial para a que o Partido Popular non quere dar respostas e prefire converter o presidente da Xunta nun mero espectador...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...antes que nun presidente que ten capacidade de resposta aos problemas das galegas e dos galegos.

Compareza, señor Feijóo, e non se agoche e non escape do Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o grupo non propoñente, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Quero, en primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Popular, en nome do Partido Popular de Galicia, do partido que sustenta o Goberno de Galicia, trasladar todo o noso apoio aos traballadores de Alcoa e, en xeral, a todos os traballadores da industria electrointensiva do noso país.

Algúns na súa intervención demostraron que o de Alcoa era o de menos e que o que reclamaban nesta Cámara no día de hoxe son minutos de televisión pensando na campaña electoral que protagonizan. E Galicia é moito máis que os partidos que se presentan a unhas eleccións; Galicia é moito máis que as vaidades de determinados políticos que cren que facer política é servir o seu ego e non representar a cidadanía e defender os intereses de Galicia.

Se hoxe estamos aquí é porque o Goberno solicitou, tan só seis horas despois de coñecerse a noticia, a comparecencia en sede parlamentaria. E é verdade que unha hora despois os grupos da oposición, coñecendo a petición de comparecencia do conselleiro de Industria, pediron a comparecencia do presidente. Ese é o relato de feitos do xoves da semana pasada.

Dinnos: é que Feijóo non se reuniu aínda co comité de empresa. Non, efectivamente, reuniuse o día 20 de maio, antes de coñecer a noticia, porque nós levamos moitos anos preocupados pola situación de Alcoa, tantos como os que goberna o Partido Socialista en España. Vostedes non é que incumpran as súas responsabilidades con respecto a esta planta, a única planta de España de fabricación de aluminio primario, é que vostedes incumpren incluso as súas propias promesas. Pasaron todas as campañas electorais do ano pasado prometendo unha solución para Alcoa. ¿E que fixeron? Nada, ¡nada!

Claro que é un problema da industria galega, pero é un problema enerxético. ¿E quen ten competencias exclusivas na fixación dos prezos da electricidade para as grandes industrias? O Goberno de España. ¿Que fixo o Goberno de España durante todos estes meses, máis de ano e medio? Prometer, prometer e prometer e logo non facer, non facer, non facer. ¿E que fixeron os partidos da oposición aquí, en Galicia, durante todo este tempo? Defender o Goberno de España. ¿E defenderon nalgúns momentos os traballadores de Alcoa? Non, puxeron

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a camiseta, pero nada máis, nada máis. E de camisetas non se come, e de defender a Pedro Sánchez, tampouco.

¿Saben onde está o presidente Feijóo esta mañá? Reuníndose co comité de expertos económicos para a saída desta crise. Está alí. E o Goberno está traballando. O conselleiro está aquí, defendendo unha vez máis os intereses dos traballadores da industria electrointensiva, e o presidente está presidindo a comisión de expertos económicos, que ten que dar receitas para a saída desta crise económica e crise social xerada pola pandemia do coronavirus.

Señorías, en Galicia temos un goberno que comparece e ofrece explicacións puntualmente e de forma continuada dende os dez anos que levamos á fronte da Xunta de Galicia. Durante esta última lexislatura este Goberno compareceu en pleno ata en 74 ocasións. Sumando plenos e comisións, hai unha media de máis de 2 comparecencias de membros do Goberno durante os 365 días do ano. ¿Como que o Goberno non comparece? Vostede non estaba aquí, señor Caballero, pero o Goberno compareceu durante toda a lexislatura mentres vostede estaba noutras cousas, mentres vostede estaba nas súas cousas.

Coa pandemia moitos parlamentos autonómicos estaban abertos e pecháronse, moitos nos que a esquerda ten maioría; estaban abertos e pecháronse. En Galicia tiñamos un parlamento disolto e abrímolo. Vostedes o que fixeron con parlamentos abertos foi pechalos, o primeiro, o Congreso dos Deputados. Esa é a verdade, señor Caballero. Aquí non só se seguiu coas ferramentas de control previstas no Regulamento e acordadas, senón con máis reunións, con reunións todos os domingos do presidente da Xunta de Galicia; reunións informais nas que trasladaba toda a información que o presidente do Goberno de España lle trasladara na Conferencia de Presidentes durante a mañá. Iso si, a lealdade non é iso, a lealdade é que Pedro Sánchez o que lles ía dicir o domingo aos presidentes autonómicos contábao o día anterior en rolda de prensa a todos os españois. ¡Ah!, esas roldas de prensa parécenlles moi ben, esas comparecencias na televisión pública; esas, moi ben. Que o presidente da Xunta dea resposta a unha crise ante os medios de comunicación, iso non. Se o fai Pedro Sánchez, si. Ese é o seu problema, señor Caballero, que vostede non ten criterio. O seu criterio é que todo o do Partido Socialista e o de Pedro Sánchez, moi ben e que todo o dos demais, moi mal. Ese é o seu criterio; un criterio partidista que o inhabilita para a defensa dos intereses xerais. Esa é a realidade.

E, polo tanto, creo que se confunden. A vostedes non lles gusta que veña un conselleiro, o que quererían sería que viñera o presidente. Estou seguro de que se viñera o presidente dirían: é que vai facer campaña. ¿Saben que pasa? Que vostede obvia que este é un goberno sólido, un goberno único, un goberno unido. Este é un goberno solidario; cando fala un membro do Goberno representa a todo o Goberno. Eu entendo que na esquerda, e especialmente no Partido Socialista, non saben o que é iso, porque hoxe en España o que pasa é que un ministro di unha cousa pola mañá, sae outro pola tarde e contradío e á noite, antes das 12, publican un BOE que contradí todo; ao final, resulta que isto é unha coña. Esta é a forma de entender a política desta nova esquerda que representa tan ben o señor Pedro Sánchez e o seu pupilo en Galicia, o señor Caballero.

Mire, onte comparecía a ministra de Industria, ¿verdade?, no Congreso dos Deputados. ¿Sabe por que? ¿Foi a petición propia, como vén hoxe o conselleiro? Non, comparecía porque pediu

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a súa comparecencia o Partido Popular. ¿E quen ten competencias en materia enerxética no noso país? ¿Quen pode regular o prezo que permite que Alcoa sexa competitiva e, polo tanto, siga aberta e poida manter eses 534 postos de traballo que están en perigo? Esa ministra que onte non compareceu por vontade propia, senón arrastrada polo grupo principal da oposición, o Partido Popular.

Polo tanto, eu creo que deberían deixar de manter esta actitude. Lamentablemente, no que ten que ver con Alcoa, pasou o que dixemos que podía pasar, pasou o que dixemos que ía pasar se o Goberno non facía nada. Vostedes, que son os responsables —ou polo menos militan nos partidos que son os responsables—, veñen hoxe aquí poñer cara de sorpresa, tratar de botarlle a culpa ao presidente Feijóo —máis ben ao candidato Feijóo— do que non fixo o Goberno que vostedes sustentan en España durante o último ano e medio. Veñen hoxe lavarlle a cara ao Goberno de Pedro Sánchez, pero está a hemeroteca para demostrarlle, señor Caballero, que vostede non tería escano para agocharse se lle lemos todos os titulares do que foron prometendo e anunciando nas distintas campañas electorais do último ano e que, lamentablemente, non fixeron absolutamente nada. Os partidos da oposición están atrapados nas súas propias contradicións e están atrapados nas súas propias mentiras. Están atrapados os socios de Sánchez, o Partido Socialista e «Desunidos Podemos», pero tamén os outros, os que os apoian gratuitamente. Están atrapados todos nunha gran contradición. E hoxe teñen que dar resposta nesta Cámara das súas contradicións e das súas mentiras.

Se estamos aquí é porque moitos galegos estamos preocupados polo futuro do emprego de Alcoa, estamos moi preocupados polo futuro de todo o emprego da industria electrointensiva de Galicia. ¡Mira que non falamos durante todo este tempo de Alcoa e vostedes veñen agora aquí descubrir o problema!

¡Pero se viñamos durante meses, meses e meses —case dende a chegada de Pedro Sánchez— reclamando unha solución! ¡Como lle poden tomar o pelo á xente! Se veñen hoxe aquí propoñer medidas para resolver o problema, benvida sexa a oposición, benvida sexa. Pero, se veñen aquí botarlle a culpa á Xunta de Galicia do que non fixo o Goberno que vostedes sustentan no Congreso dos Deputados, que ten a competencia exclusiva en materia de enerxía e que, polo tanto, pode fixar un prezo competitivo para Alcoa e pode garantir os empregos, garantir o futuro da única fábrica de aluminio primario en España, dende logo, con esta primeira intervención empezamos moi mal, empezamos moi mal. ¡Non todo vale, non todo vale! Eu creo que o importante son os empregos.

E a ver se aparcamos as campañas electorais, porque levan vostedes durante dous meses e medio en permanente campaña electoral.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, despois do 12 de xullo, nós seguiremos pelexando tamén polos empregos de Alcoa e dicindo sempre a verdade, como sempre fixemos.

Nada máis e moitas grazas.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica dos grupos propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Di o señor Tellado que lles manda solidariedade ás traballadoras e traballadores de Alcoa. Se eu fose traballador de Alcoa, hoxe agradecería o xesto pero preferiría que estivese aquí o presidente. En vez de mandar esas mensaxes en forma de forza —que, bueno, poden estar ben— preferiría que estivese aquí o presidente expondo respostas, dando respostas, e non mandando tantas mensaxes.

E eu dicíao ao principio: estamos a falar do urxente e do importante. O peche dun sector estratéxico para todo un territorio, como pode ser A Mariña lucense, pensamos que para o señor Feijóo ten que ser urxente e ten que ser importante. Lamentamos a súa ausencia hoxe aquí. A min persoalmente dáme mágoa que o señor presidente se esconda e non estea aquí dando respostas. Estamos falando de 534 traballadores e traballadoras que van ir á rúa, namentres o señor presidente, o señor Feijóo, continúa de campaña na TVG. É unha vergoña política e unha insensibilidade para as traballadoras e traballadores e para as veciñas todas da Mariña que o presidente hoxe non estea aquí.

E gustaríanos preguntarlle se non ten nada que dicir sobre as súas propostas para esta crise. Está o conselleiro e supoño que algo nos transmitirá. Pero pensamos que debería amosar moito máis interese en escoitar as demandas dos traballadores que hoxe os grupos da oposición traemos a este Parlamento. E lamentamos profundamente —reiteramos— a ausencia do señor Feijóo hoxe nun tema tan importante como é o despido de 534 persoas que van ir á rúa.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Efectivamente, empezamos moi mal cando temos 534 traballadores e traballadoras de Alcoa cunha carta de despido na man —e case os mesmos das auxiliares— e temos que estar no Parlamento pedindo que o presidente veña dar a cara para saber o que vai facer para salvar precisamente miles de empregos nunha comarca e a única fábrica de produción de aluminio primario que temos no país.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, sinceramente, que o Partido Popular veña falarnos de egos, de vaidades, de minutos de televisión, que veña falar diso o Partido Popular, sería para rir se non estivésemos nunha situación tan grave como a situación na que estamos. Porque en minutos de televisión, en todo caso, Feijóo deu 34 mitins encubertos na TVG en *prime time*. ¡Por favor, aforren o cinismo, porque os traballadores e traballadoras da Mariña non o merecen! E, efectivamente, os traballadores e traballadoras e toda a comarca da Mariña merecen moito máis que o *fake relato* do Partido Popular. E non vou perder tempo en desmontar o *fake relato* do PP, porque, efectivamente, A Mariña, os traballadores e traballadoras deste país, merecen moito máis.

E hai, efectivamente, solucións. Desde o BNG ofrecemos unha solución real, factible e legal. Está claro polo que hai que apostar: intervención pública da Xunta e do Estado para salvar a fábrica de Alcoa e unha tarifa eléctrica galega para acabar co espolio enerxético deste país. Con ambas medidas poderemos salvar os traballadores e as traballadoras, poderemos salvar a factoría. O único que se necesita é vontade política e amor por este país. E iso é o que ofrecemos desde o BNG: vontade política e, desde logo, traballar para que Alcoa teña futuro. Ese é o noso compromiso e nesa liña imos traballar.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Claro, cando a unha a invitan a un lodazal, pode entrar ou pode simplemente ignoralo. Eu creo que hai que tratar de manter algunha vez a dignidade desta Cámara. Así que cada día que vostedes e que o señor Feijóo insisten en ignorar este Parlamento non están ignorando os grupos da oposición, están maltratando a democracia e insultando a vontade popular. Por moito que traten de ignoralo tratan de impoñer unha anomalía democrática, como é manter a pleno rendemento un goberno e anular a capacidade do Parlamento, o único órgano que ten posibilidade de control democrático e tamén o único órgano que ten unha función de impulso.

E, miren, eu creo que, se hai un momento fundamental no que é preciso escoitar as propostas da oposición, é precisamente este momento crítico que estamos padecendo. Nós sabemos —e estou segura de que toda a cidadanía o sabe— que nun momento crítico como o presente, como o que vivimos con esta pandemia, como o que se está vivindo neste momento na Mariña lucense co anuncio do peche de Alcoa, non sobra ninguén, que dúas cabezas sempre pensan máis ca unha, e que propostas diversas nos axudarían a tomar mellores decisións. Pero o señor Feijóo e o Partido Popular impedírono. E non só iso, senón que malbarataron un acordo ao que chegaramos nesta Cámara. ¡Que máis dá facer acordos se total logo os van incumprir! E isto é o que vale a palabra do Partido Popular. Creo que a xente non vai esquecer que o Partido Popular utiliza a lealdade parlamentaria unicamente para facer campaña electoral, que, lonxe de traballar para superar a crise do coronavirus, a súa prioridade foi e é sempre electoral. Ese é o seu único interese con Alcoa, unicamente o electoral.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A historia está escrita. Todos sabemos onde se sitúa o Partido Popular cando ten que escoller entre beneficios empresariais ou dereitos das traballadoras e traballadores. E entón, como a historia está escrita, é branco sobre negro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: A xente non vai esquecer que é o Partido Popular o que leva once anos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CHAO PÉREZ: ...gobernando este país sen poñer ningunha solución enriba da mesa para Alcoa. A xente non vai esquecer que foi o Partido Popular o que regulou o prezo da enerxía e regalou Alcoa a prezo de saldo aos seus amiguetes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)

Non me enterei agora do que pasou, sinceramente. *(Prodúcese dunha discusión entre deputados.)* ¡Non me enterei do que pasou agora, sinceramente! *(Balbordo.)*

Por favor, un pouco de tranquilidade por parte de todos e de todas. Un pouco de tranquilidade, que é o que quere a xente. Non vaiamos a espectáculos que a xente non quere, ¡por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou sexa que, por favor, compórtense todos. É o que pido. *(Murmurios.)*

Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Por favor, non vaian por aí. Se non, imos ter que facer como na escola, cambialas de sitio *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio, por favor! *(Murmurios.)* ¡Xa está! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Por favor, ¡silencio! *(Murmurios.)* Pido que se comporten. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Pois xa está! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois se non dixo nada, pois perfecto. ¡Xa está! ¡Silencio! *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor, señora Chao! *(Murmurios.)* Silencio e non entren en diálogo.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio. *(A señora Chao Pérez e o señor Puy Fraga pronuncian palabras que non se perciben.)*

Por favor, señor Puy e señora Chao, silencio, vamos ter unha sesión normal.

Señor Caballero, o seu turno.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Bueno, señores do Partido Popular, o récord de Feijóo de escapismo nestes seis meses vai ser histórico. Nos seis meses do ano 2020, dende o mes de xaneiro ao mes de xuño, vai estar en sede parlamentaria en catro ocasións. É un presidente que escapa do Parlamento porque é un presidente que escapa das súas responsabilidades con Galicia, porque escapa de dar solucións aos problemas dos galegos e das galegas. Non quere comparecer para non falar dos temas fundamentais do país, nin da xestión da crise nin agora do tema de Alcoa. E cremos que Galicia merece a presenza do presidente para tomar relevancia en asuntos fundamentais. Esta fin de semana dicía o presidente que nas grandes crises el non podía delegar os grandes asuntos. ¡Está ausente! Cando non delega algo é porque non existe nin ten capacidade nin ten políticas.

E escoitamos xa o representante do Partido Popular. Xa o dixo: ao Partido Popular non lle importa a política industrial. A política industrial de Galicia non é cousa do Partido Popular. ¿Os traballadores perden o emprego en Alcoa-San Cibrao? «Non nos importa, non é cousa nosa»... A Feijóo non lle importa, non ten que vir ao Parlamento. «O Partido Popular está preparado para gobernar»..., porque se está mirando sempre ao espello, ao espello de manterse na poltrona e no poder durante once anos nos que destruíu 70.000 empregos en Galicia e nos que non tivo capacidade de dar resposta á política industrial. Esa é a realidade.

O Partido Popular asume que nin ten solución nin lle preocupa darlles solución aos problemas de Galicia, que nin lle preocupan os traballadores de Alcoa nin lle preocupa o problema industrial. Esa foi a intervención que hoxe trasladou aquí o representante do Partido Popular nunha estratexia de confrontación moi digna e moi propia do Partido Popular de Casado, do Partido Popular de Ayuso, pero sen respostas para os galegos e para as galegas. E xustamente iso é o que non necesita Galicia. Eu espero que, xa que non está Feijóo —e reprobamos a súa ausencia—, o conselleiro de Industria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...teña hoxe a capacidade de aportar un pouco máis que todo o que aporta este Partido Popular, que soamente se mira ao espello.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da solicitude de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Rematado xa o debate deste punto, procedemos á votación do documento 64279. Imos votar á man alzada porque non estamos ubicados nos escanos nos que teriamos que estar.

Votación do escrito dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, Común da Esquerda, Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza o presidente da Xunta para dar conta das medidas que ten previsto adoptar para evitar o peche da fábrica de Alcoa en San Cibrao e garantir o emprego, así como para garantir a continuidade da antiga fábrica de Alcoa na cidade da Coruña (doc. núm. 64279).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este documento.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co segundo punto da orde do día.

Comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria co obxecto de avaliar a situación que atravesa a factoría de Alcoa en San Cibrao

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, se mo permiten, o primeiro que quería é lamentar fundamentalmente as intervencións que veño de escoitar por parte da oposición poñendo en cuestión a soberanía deste Parlamento. E, polo tanto, eu o que espero é que, a partir de agora, no debate se centren nas necesidades que teñen os traballadores de Alcoa e que abandonen esa posta en cuestión permanente cando é un membro do Goberno o que está comparecendo por vontade propia precisamente para abordar a situación que están a atravesar neste caso mil traballadores entre traballadores directos e indirectos, unha situación, polo tanto, de extremada dificultade.

Lamentablemente, cumpríronse os peores prognósticos, os peores prognósticos que xa adiantaramos sobre a ameaza real de poñer fin á produción de aluminio en Galicia e en España —como saben, un material básico e esencial para a nosa economía—. É, dende logo, a peor das noticias para todas as familias da Mariña luguesa que viven desta industria. E por iso hoxe as miñas primeiras palabras teñen que estar dirixidas, máis ca nunca, a esas familias que teñen enormes inquedanzas, que teñen enormes aspiracións e esperanza no futuro.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende logo, nós, desde aquí, xa lles trasladamos que seguiremos traballando conxuntamente cos propios traballadores para precisamente defender esas aspiracións e defender esas oportunidades de futuro.

Dicía, señorías, que se cumpriron os peores prognósticos, a pesar de que tanto a Xunta de Galicia como os propios traballadores levamos practicamente dous anos advertindo de que este momento podería chegar e a pesar de que levamos todo este tempo traballando cunha actitude construtiva e cunha actitude leal por parte da Xunta de Galicia e por parte dos propios traballadores precisamente para intentar achegar unha solución.

E o que chama máis a atención é que parece que nestes dous anos daba igual todo o que se puidese dicir e todo o que se puidese propoñer dende Galicia. Señorías, cumpríronse os peores prognósticos porque nin a Xunta de Galicia nin os traballadores nin as empresas auxiliares, e tampouco os municipios afectados, conseguimos que nos escoitaran. O Goberno non quixo atender ao que lle diciamos dende Galicia. O único que escoitamos en repetidas ocasións é que ía aprobar un estatuto para os consumidores electrointensivos capaz de dar estabilidade ao prezo da enerxía —dicía o Goberno— e que con iso se podería garantir o futuro para as empresas do sector. Pero o Goberno de España quedou niso, en palabras cheas de boas intencións pero baleiras de contido. E por non dar cumprimento a esta promesa é polo que agora nos atopamos lamentablemente nesta situación.

Son innumerables os contactos que tentamos manter ao longo deste tempo co presidente do Goberno, Pedro Sánchez, para abordar esta cuestión. En todas e en cada unha das xuntanzas que mantivemos co Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ou co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico reiteramos unha e outra vez a necesidade de establecer un marco enerxético estable e competitivo. De nada serviu escoitar a industria e trasladar as alegacións pertinentes ao borrador de estatuto que presentou o Goberno, porque a única resposta que tivemos en todo este tempo foi o silencio administrativo; silencio administrativo que por desgraza esta vez non significa silencio positivo, un silencio administrativo cando non estamos pedindo nada que os gobernos de Francia ou de Alemaña non teñan activado para salvar a súa industria e facer que sexa competitiva.

Señorías, como o resto da industria electrointensiva no noso país, Alcoa ten unha estrutura de custos ben coñecida por todos. Depende fundamentalmente do prezo da materia prima —que como saben vén marcado polos mercados internacionais e polos propios provedores—, do gasto en persoal, que se regula fundamentalmente a través dos convenios laborais, pero, ante todo, polo custo da enerxía eléctrica, que supón máis do 40 % de todos os custos totais desta empresa. É neste último punto, no custo da enerxía eléctrica, onde o Goberno ten realmente marxe de actuación, xa que del depende o custo regulado; é dicir, os impostos, as peaxes e os cargos.

Fago esta introdución para lembrar nesta Cámara que o noso país parte dunha clara desvantaxe. Antes de impostos, o prezo eléctrico en España segue a ser moi superior ao de Alemaña e ao de Francia. En concreto, o megavatio/hora está en 10 euros e 8,3 euros por riba, respectivamente, de Alemaña e de Francia. É unha diferenza que se ve aínda máis lastrada pola falta de incentivos reais na parte regulada da factura. Por iso dificilmente a nosa in-

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dustria pode ser competitiva. Neste contexto actual está todo o conxunto da industria galega, e nomeadamente a industria electrointensiva, ante unha misión case imposible. ¿Que empresa decidirá quedar en España ou apostará por asentarse aquí se non ten garantido cara ao futuro un prezo eléctrico estable?

Se non nos facemos estas preguntas, se calamos, se nos resignamos, seguro que o seguinte paso será ver como a industria electrointensiva vai perdendo cota de mercado ata que se deixe de producir aluminio primario en España. De non producirse un cambio de actitude por parte do Goberno, estamos ante a antesala da fin dun sector que paradoxalmente se considera como esencial neste estado de alarma. De non producirse este cambio de actitude por parte do Goberno, España e Galicia pasarán de ser produtores a ser importadores de aluminio, encarecendo os prezos e rompendo a cadea de subministración do sector.

Ata este momento a postura do Goberno de España en materia enerxética foi moi clara. Primeiro a escusa era que estaban en funcións, despois a escusa foi que dependía das directrices da Unión Europea. Agora, a escusa parece que é a crise sanitaria da covid-19. Espero que agora o Goberno non lles bote a culpa aos traballadores.

Señorías, nin é un problema puntual dun goberno en funcións —porque tería o apoio maioritario de calquera parlamento para sacar a adiante medidas de apoio industrial— nin é por culpa de Europa —porque outros países si están tomando medidas—, e nin moito menos é por culpa da pandemia, porque o problema de Alcoa ten dous anos de vixencia, non dous meses, son dous os anos nos que o Goberno leva dicindo que podía solucionar este problema. Estamos, polo tanto, simplemente ante unha decisión política sobre a que o Goberno ten que pronunciarse. ¿O Goberno vai apoiar o futuro da industria electrointensiva?, ¿si ou non? ¿O Goberno de España quere manter a produción de aluminio primario no noso país?, ¿si ou non?

Señorías, se o Goberno xa ten tomada a decisión de pechar as fábricas de aluminio primario en España, como parece que tamén vai ocorrer coas centrais térmicas, seguramente conviría non perder o tempo e que se lles dea, por parte do Goberno de España, unha explicación a todas as familias que viven desta industria. Pola contra, se hai disposición de atopar unha solución —e esa é a disposición que ten a Xunta de Galicia—, aínda temos marxe de actuación.

Nos últimos meses xa nos acostumamos a vivir nunha espiral de rectificacións por parte do Goberno. É verdade que, cando rectifica, é cando acerta. Por iso agardamos que esta vez volva rectificar. E rectificando na súa posición sobre Alcoa seguramente atoparemos unha solución. Tan só necesitamos que asuma a súa responsabilidade e que acuda á mesa con todos os axentes implicados para identificar esas alternativas. Porque, se todas as partes nos sentamos con ánimo construtivo, estou convencido de que este problema se soluciona máis pronto que tarde. Tan só precisamos vontade política por parte do Goberno de España.

Dende a Xunta de Galicia entendemos e cremos que hai alternativas. Hai alternativas, en primeiro lugar, porque aínda non se convocou a poxa de interrompibilidade para o segundo semestre deste ano; unha poxa que obviamente debería ser moito máis realista que a aprobada para este semestre, que foi a máis baixa da historia —a convocada para este

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

semestre—. Unicamente se ofertan 1.000 megavatios, cando mentres gobernaba o Partido Popular se convocaban no mesmo semestre 2.600 megavatios —primeiro semestre de 2018—. E nesta poxa soamente se ofrecen 63 millóns de euros, mentres que, cando gobernaba o Partido Popular —primeiro semestre do ano 2018—, se concederon 186 millóns de euros —fronte aos 63 convocados por parte do Goberno actual—. Coa chegada de Pedro Sánchez ao Goberno eliminároнse os bloques de 90 megavatios, que son polos que poxan as grandes empresas electrointensivas, como é Alcoa.

Cremos que hai alternativas, en segundo lugar, porque o Goberno aínda está a tempo de aprobar definitivamente o esperado estatuto para o consumidor electrointensivo. Tamén lles digo que non aprobemos un estatuto calquera. Necesitamos un estatuto que dea resposta á industria electrointensiva, que recolla as alegacións presentadas desde Galicia, xunto con outras comunidades autónomas como Asturias e Cantabria, e que, polo tanto, fixe un prezo eléctrico estable e competitivo que nos permita estar en igualdade de condicións con outros países. Non pedimos nada que non se estea regulando noutros países da Unión Europea. Xa temos explicado as liñas básicas que consideramos que debe recoller este documento nas alegacións que a Xunta de Galicia lle ten trasladado ao Goberno, e que lamentablemente o Goberno non contestou; con medidas de carácter fiscal como a supresión do imposto do 7 % á xeración eléctrica a todos os consumidores —sexan grandes empresas, pemes ou particulares— e a supresión do «céntimo verde» ao carbón, e, en segundo lugar, a redución de cargas e de peaxes recollidas nas tarifas de acceso —trátase de axustar os custos de transporte aos do resto de países europeos—.

Terceira proposta: a ampliación das axudas compensatorias para custos de emisións indirectas de CO_2, que con 6 millóns de euros convocados para este ano son nestes momentos claramente insuficientes. Trasladámoslle a posibilidade de que se chegue ao máximo habilitado pola Unión Europea, que é o 25 % dos ingresos por CO_2 —268 millóns de euros—.

En cuarto lugar, propuxémoslle o fomento da contratación por acordos bilaterais que permitan unha redución do prezo eléctrico. E ademais, tamén lle trasladamos ao Goberno, nas alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, a necesidade irrenunciable de incorporar a categoría de «consumidor hiperelectrointensivo», que é o que lle pode dar unha solución real e realista á situación de Alcoa.

Señorías, se tivésemos todos estes mecanismos sobre a mesa, xunto coa poxa de interrompibilidade máis sensible ás necesidades da industria electrointensiva, o prezo do megavatio/hora xa nunca máis subiría da barreira dos 35/40 euros por megavatio e —o máis importante— tería dunha forma estable un prezo homologable ao do resto dos países europeos e, polo tanto, poderiamos competir en igualdade de condicións. Non pedimos nada máis, pedimos o mesmo que están aplicando outros países europeos nesta industria electrointensiva.

¿Que temos por parte do Goberno? Lamentablemente, un borrador de estatuto que o Goberno sabe —e xa coñece de forma directa, polo que ten trasladado verbalmente, porque non ten trasladado nin o borrador do estatuto— que é claramente insuficiente, porque así llo teñen trasladado a empresa, as comunidades autónomas e os traballadores.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E aquí non estamos defendendo o indefendible, isto non é unha opinión da Xunta de Galicia, é o que pensa o sector electrointensivo en España, o que pensan os traballadores da industria que queda en Galicia.

Saben perfectamente que as propostas que está trasladando o Goberno en ningún caso —insisto: en ningún caso— permiten ter un prezo competitivo para Alcoa. Saben que, ademais, a proposta do Goberno de España non ofrece estabilidade, cando outros países, como Italia, por exemplo, fan unha poxa máis importante cada tres anos, que complementan con outras máis pequenas a principios de cada exercicio para completar os incentivos. E o Goberno sabe que coa súa proposta está incrementando o número de posibles empresas beneficiarias.

De repente, señorías, a proposta do Goberno supón que de 119 empresas que poderían ser beneficiarias desta normativa pasamos a 612. Curiosamente, unha situación que favorece sobre todo a Cataluña e o País Vasco, unha situación que, polo tanto, está a prexudicar a industria que consome máis electricidade, é dicir, a industria hiperelectrointensiva, como é o caso de Galicia.

Señorías, esta é a proposta do Goberno de España, insuficiente, coñecida por parte do sector, e o Goberno sabe que a redacción que ten trasladado verbalmente dese estatuto non ofrecería unha solución a Alcoa.

Por iso, insistimos en que o documento final do estatuto debe de recoller as propostas presentadas a principios deste ano pola Xunta de Galicia, que son, como lles recordei antes, propostas, primeiro, da industria electrointensiva galega e, en segundo lugar, propostas doutros gobernos autonómicos, como Asturias ou Cantabria.

Polo tanto, isto non é unha proposta de parte, a proposta da Xunta de Galicia non é unha proposta política, a proposta da Xunta de Galicia é unha proposta técnica, avalada polo sector e que dende unha perspectiva técnica dá unha solución a Alcoa, porque esa solución técnica permítelle obter ese prezo competitivo.

Polo tanto, señorías, aquí non hai cores, aquí temos unha preocupación real polo futuro dunha industria que temos que defender, e a defensa da situación de Alcoa é un tema técnico, que só se pode resolver se hai unha vontade política. A Xunta de Galicia tena. O que precisamos, loxicamente, é que o Goberno de España tamén traslade esa vontade política.

O único que en Galicia nos move, señorías, son os traballadores, a industria e as familias que dependen nestes momentos dunha situación política do Goberno de España. Seguro que tamén é o único que move o Goberno de Asturias e o Goberno de Cantabria, que non é outra cousa que salvar o peche das súas empresas e salvar os postos de traballo de miles de familias, non só en Galicia senón tamén en Asturias e en Cantabria.

Non podemos esquecer que hoxe, efectivamente, estamos falando sobre Alcoa-San Cibrao, pero este goberno non se olvida de que sobre esa mesa tamén depende a situación de Alu Ibérica, a cuxos traballadores hoxe tamén lles quero trasladar a nosa solidariedade. Os traballadores de Alu Ibérica saben e coñecen que non son alleos á inestabilidade do sector por

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

falta dun marco enerxético competitivo. Saben que o seu futuro, a partir de xuño do ano 2021, depende directamente da decisión que hoxe poida adoptar o Goberno de España, e, polo tanto, non nos esquecemos dos traballadores de Alu Ibérica, igual que non nos esquecemos dos traballadores de Ferroatlántica, de Celsa, de Megasa, de Finsa, de Ence, de Intasa, de Showa Denko, de Cortizo, de Exlabesa e de Aluman, señorías, cinco mil traballadores en Galicia que dependen dun marco enerxético, estable e competitivo para as industrias electrointensivas. Esa é a realidade e o alcance da decisión temos que tomar e que o Goberno de España ten que tomar.

Unha prioridade que para a Xunta de Galicia non variou en ningún momento durante todo este tempo. A Xunta de Galicia non variou de criterio. A Xunta de Galicia estivo en todo momento á disposición do Goberno de España, á disposición da industria electrointensiva, á disposición dos traballadores para identificar unha solución técnica que fose viable dende o punto de vista legal, e atopámola e trasladámoslla ao Goberno a través desas alegacións.

Pero esa prioridade, dende o punto de vista enerxético, foi acompañada por parte da Xunta de Galicia con medidas de política industrial. Só teñen que ir á hemeroteca ou ás actas deste parlamento e verán o noso compromiso con esta comarca.

Señorías, cumprir coas nosas competencias en política industrial foi lograr que se construíse o gasoduto da Mariña. Cumprir coas nosas competencias en materia industrial foron as axudas para reconverter os fornos de fuel oil a gas natural na planta de Alúmina. Seguir cumprindo coas nosas competencias en materia industrial é estar tramitando nestes momentos a revisión e actualización da autorización ambiental integrada, sen cuxa revisión non é posible dar continuidade á actividade de Alcoa. E, señorías, seguimos cumprindo coas nosas competencias en materia industrial cando poñemos á disposición de Alcoa os fondos en materia de aforro e eficiencia enerxética para que se poida converter a planta de aluminio de gasoil a gas natural.

Polo tanto, sempre apoiamos, como agora estamos apoiando, todos os plans de futuro da industria galega. E nese camiño imos continuar, porque é a nosa competencia, é a nosa responsabilidade e é o noso compromiso.

Pero, señorías, necesitamos do compromiso de todos. Nesta cámara, a todos nos move o mesmo obxectivo —escoiteino esta mañá—: defender o futuro dos traballadores de Alcoa-San Cibrao e das súas familias. É un obxectivo compartido e por iso hoxe espero que saiamos deste parlamento cunha mensaxe de unidade cara aos traballadores de Alcoa-San Cibrao.

Galicia cre que hai alternativas técnicas e legais que permiten que estean ao lado do Goberno para que se poida tomar unha decisión que permita a viabilidade e a competitividade da planta de Alcoa. E dicimos que hai alternativas e que hai futuro porque agora, señorías, contamos tamén con fondos previstos pola Unión Europea para reactivar a economía e reconstruír o tecido produtivo: 140.000 millóns de euros que lle corresponden a España dentro do novo fondo europeo que ten aprobado Europa.

O Goberno de España ten nas súas mans presentar a Europa un plan específico para modernizar e impulsar o conxunto de empresas electrointensivas, ao igual que xa o anunciou para

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o sector de automoción. Contará co apoio da Xunta de Galicia. E, señorías, esa é a verdadeira intervención que ten que facer o Goberno: ofrecer, en primeiro lugar, estabilidade ao sector electrointensivo cun marco enerxético favorable e unha intervención para desenvolver un marco específico que garanta a modernización e a competitividade das empresas electrointensivas dentro do novo marco e dos novos fondos europeos que teñen asignado a España, 140.000 millóns de euros.

Señorías, hai solucións. Necesitamos o compromiso do Goberno dende o punto de vista do prezo eléctrico e o compromiso do Goberno para que no novo contexto de axudas europeas as industrias electrointensivas teñan o seu marco específico de apoio.

Dende a Xunta de Galicia imos seguir traballando nesa busca de solucións e, polo tanto, imos seguir facéndonos eco de todas as demandas dos traballadores desta industria, cos cales, dende logo, a Xunta de Galicia conforma unha fronte común.

Ao Goberno galego, señorías, non se lle poderá acusar de mirar para outro lado, son moitos anos defendendo os traballadores de Alcoa e son moitos anos defendendo os traballadores da industria electrointensiva.

Dicía ao comezo: os traballadores de Alcoa-San Cibrao, as empresas auxiliares, os municipios afectados e a propia Xunta de Galicia somos unha soa voz á hora de pedir ao Goberno que actúe de inmediato. As consecuencias dun peche gradual da factoría da Mariña serían desastrosas para toda a comarca e para todo o sector industrial galego. Por iso, agora é o momento de apostar pola industria e polos sectores estratéxicos e agora é o momento de defender as cinco mil familias que viven da industria electrointensiva en Galicia e que esperan, señorías, un apoio incondicional desta cámara, cinco mil familias que merecen esta resposta.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Iniciamos unha rolda dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Coa problemática da factoría de Alcoa, o Goberno de Feijóo actúa igual que fixo na crise da emerxencia sanitaria do coronavirus, que é botar en moitos casos balóns fóra e escusarse moitas veces no Goberno do Estado.

Pero temos memoria. Lembramos que en novembro do ano pasado o presidente da Xunta se comprometía a resolver a situación de Alcoa; non o dicimos nós; poden mirar nos xornais e

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

verán como é certo. Pero quero lembrarlles unhas declaracións do presidente nesa data: «Estou moi preocupado por Alcoa. Lugo e A Mariña non poderían soportar o peche da única fábrica de aluminio primario que hai en España.» Isto díxoo Núñez Feijóo hai uns meses, facendo alusión a que a fábrica daba traballo de forma directa a un milleiro de persoas e representaba máis do 30 % do produto interior bruto da provincia.

Nesa intervención falaba de Alcoa, que é para Lugo o que Citroën é para Vigo, e dicía: levo once anos como presidente da Xunta e nunca se viu unha situación en Alcoa como a que estou vendo agora, referíndose ao prezo da electricidade, do que vostede falou aquí tamén. Pero un presidente que ante esta situación, despois de once anos de goberno, o único que fai é botar a culpa do que está a pasar a Madrid pois penso que non é de recibo, xa non para esta cámara, senón para a cidadanía galega e para os traballadores e as traballadoras de Alcoa. Algo de responsabilidade teñen.

A factoría de Alcoa non se pode pechar porque precisamos o seu aluminio. A produción de aluminio primario é estratéxica nestes momentos para moitas industrias da Unión Europea, tamén de Galicia. Sectores como o do automóbil e da aeronáutica e moitos outros dependen deste material de alta calidade. Por iso non podemos cometer o erro tamén nesta industria de depender de provedores alleos. Non podemos permitir que unha industria estratéxica como o aluminio estea en moitos casos en mans de Arabia Saudita ou da China.

Alcoa, dentro da industria do aluminio, encóntrase nunha situación complicada: o aluminio, a moi baixo prezo nos mercados internacionais; un stock moi grande introducido no mercado por fondos que en moitos casos especularon e tensionaron o prezo cara a abaixo deste material; a propia crise do coronavirus tamén trouxo unha baixada do consumo, houbo industrias paradas do automóbil, da aeronáutica, etc., e non temos unha solución suficiente do Estado español ao prezo da enerxía eléctrica.

Por iso, e tendo en conta que non é un problema estrutural, senón conxuntural —como xa dixemos—, os gobernos do Estado e da Xunta non poden permitir que esta factoría quede condenada ao peche, levando toda a Mariña lucense á ruína social e económica. Porque despois poden vir vostedes dicindo que a culpa foi do Goberno central, o Goberno central bótalle a culpa á Xunta de Galicia, pero imos ter 534 traballadores e traballadoras na casa.

Dende En Marea queremos traer unha proposta, queremos traer propostas que nos trasladaron desde o comité de empresa e distintos traballadores e traballadoras que traballan alí. Queremos trasladar, primeiro, que o Estado español e a Xunta de Galicia, co apoio da Unión Europea se fose necesario, garantan a supervivencia da produción de aluminio primario en España e Europa. Isto poderíase concretar nunha entrada temporal do Estado español e da Xunta de Galicia no capital da factoría de San Cibrao, nunha porcentaxe suficiente que garanta o futuro da planta ata que se supere esta situación na que nos atopamos. Con Alcoa ou sen Alcoa, se a multinacional non amosa vontade de solucionar este problema, que facilite a venda da planta; de non ser así, poden vostedes estudar unha intervención da factoría. Unha vez que o mercado recobre o nivel de actividade anterior a esta pandemia e a empresa teña garantida a súa viabilidade e o mantemento do emprego, xa podería recuperar investimento, e probablemente con plusvalías.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A entrada do Estado no capital debería servir tamén para garantir dende o principio un funcionamento —ao que debemos camiñar— que sexa ambientalmente transparente, responsable e máis sustentable.

Tamén queriamos propoñer que a Unión Europea, dunha maneira urxente, grave arancelariamente o aluminio alleo, que fai un *dumping* medioambiental, para desta maneira dificultar a súa entrada especulativa no mercado europeo.

Que o Goberno cumpra tamén o seu compromiso e aprobe ese estatuto das electrointensivas. Está claro que as alegacións da representación dos traballadores coinciden coas realizadas xa nesta cámara hai máis dun ano por En Marea.

Que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias en política industrial; iso é vital.

E a necesidade dun desenvolvemento alternativo. Calquera solución que non inclúa un plan urxente de desenvolvemento industrial alternativo, baseado no aproveitamento dos recursos renovables da comarca, non será solución, senón que será outro parche.

Nestes momentos é cando cómpre ser coherentes —e parecelo tamén—. Que ninguén pense que admitimos que o social de hoxe pode soltar da man o social de mañá, que é do que falamos cando falamos de sustentabilidade. Podemos e debemos traballar simultaneamente o urxente e o importante.

Señor conselleiro —seguro que vostede o sabe tan ben coma min ou mellor—: o artigo 30 do Estatuto de autonomía, nos seus apartados 1 e 2, fixa as competencias do Goberno da Xunta e di que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva na materia de fomento e planificación da actividade económica en Galicia e da industria. Alcoa é economía e Alcoa é industria. Entón, pensamos que a Xunta de Galicia tamén debe deixar un pouco ese *pim, pam, pum* co Goberno e debe poñerse a traballar nas súas competencias; non pode seguir de perfil, como fan sempre que hai un problema complexo. Por iso exixímoslle que exerzan as súas competencias en política industrial e fagan propostas na liña de colaborar co Estado nas medidas que hai que tomar, axudando a factoría de San Cibrao a optimizar a súa produción. Non fixo vostede hoxe aquí unha proposta concreta de política industrial para Alcoa, na que vostede —repito— ten competencias exclusivas.

Tamén urximos un plan industrial para a propia comarca da Mariña, para non depender só do monocultivo dunha actividade concreta, pois entendemos que o que está en xogo xa non é a vida dunha empresa, senón que é a ruína absoluta dunha comarca, algo do que calquera galego é consciente. Isto hai moitos anos que a Xunta de Galicia debería telo desenvolto e implementado.

E xa para rematar, señor conselleiro, exixímoslle tamén ao presidente da Xunta que se poña á fronte destas reivindicacións e que diga claramente se está ou non está de acordo co que propoñemos ou que presente tamén outras alternativas. Pero temos que actuar xa. Non pode seguir mirando para Madrid, non poden vostedes seguir escusándose en Madrid, como fixo

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na crise da covid-19. Se se soluciona o problema, foi grazas a el; se a cousa non se arregla, é por culpa de Madrid.

Eu penso que onte os traballadores de Alcoa-San Cibrao acordaron co Ministerio de Industria a creación dunha mesa multilateral. As propostas que levan vostedes para cumprimentar as posibles medidas que prepara o Goberno en materia enerxética non sei se nolas pode comentar despois. Hoxe aquí nesta cámara hai grupos que teñen responsabilidades directas ou indirectas nos gobernos tanto autonómico como estatal que poderían aportar solucións á crise de Alcoa e gustaríanos que cadaquén se manifeste explicitamente sobre as propostas que facemos.

E queremos tamén trasladarlle esta pregunta que nos traslada o propio comité de empresa: se están de acordo coa intervención temporal do Estado na empresa Alcoa-Aluminio de San Cibrao.

Non queremos rematar sen mencionar tamén a situación preocupante da antiga Alcoa-A Coruña. Os seus traballadores encontrábanse creo que ata o día de onte pechados no concello. Tamén o noso apoio. Parece ser que xa remataron ese peche. Pero, ben, algo cheira mal. Isto xa vén de cando se lle vendeu ao grupo Riesgo. Indicar que o fondo de investimento Parter, adxudicatario de Alcoa-A Coruña, tomou o pelo ao Ministerio e á Consellería de Industria, xa que recordamos que unha empresa como o grupo Riesgo, con 70.000 euros de capital e once empregados e uns resultados de 180.000 euros, parecía que non podía mercar Alcoa-A Coruña. Non sei se dende a propia Xunta están facendo vixilancia deste acordo que asinaron no seu momento.

E nada máis. Deixen tanto dun lado como doutro de andar con ese *pim, pam, pum,* onde o que están facendo é desanimar e desalentar as traballadoras e traballadores, poñan solucións reais enriba da mesa e, por favor, fagan todo o posible para que esa xente non vaia á rúa.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Bos días de novo.

Señor Conde, a verdade é que menudo papelón o seu. Menudo papelón o de vir aquí facer de cortalumes do seu xefe de filas, porque non ten a dignidade política de dar a cara ante unhas circunstancias desta transcendencia. E tamén menudo papelón porque o certo é que a súa intervención foi tan previsible como inútil á hora de aportarlle solucións ao maior reto que temos dos últimos tempos, como é salvar a produción de aluminio en San Cibrao, nun país, nunha Galiza que está acosada pola desindustrialización a pasos de xigante.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu dicía estes días —e quero volver repetilo aquí— que a peor política industrial é a que non existe, e esa é exactamente a política que leva facendo o Goberno de Feijóo durante once anos, cuns resultados dramáticos e que están á vista de todos e de todas.

Eu por un momento pensei —inxenua de min— que viriamos a esta intervención para seguramente aforrarmos eses rifirrafes que o Partido Popular e o Partido Socialista practican con Galiza, e que non só os vemos neste parlamento, senón que tamén os vimos nestes días. Vimos o Goberno de Sánchez pedíndolle lealdade a Feijóo e o Goberno de Feijóo pedíndolle lealdade a Sánchez. E eu pregúntome se nunca se lles ocorre pedir lealdade con Galiza, pedir lealdade cos traballadores e coas traballadoras da Mariña e con esas familias que ven negro o seu futuro.

Preguntámonos se por unha vez as forzas estatais poden deixar de utilizar Galiza simplemente como un arma arreboladiza nas súas confrontacións partidistas e realmente aportar solucións. E, lamentablemente, parece que non. Galiza é sempre para vostedes a última carta da baralla, e demóstrano lamentablemente sempre que poden. A última vímola estes días no Congreso. Vimos como o Partido Popular, o Partido Socialista e Podemos asinaban un escrito no que lle reclamaban á factoría de Nissan en Cataluña que non levara adiante o peche e, non obstante, negáronse a facer o mesmo con Alcoa.

Desde logo, isto é un exemplo máis de como consideran este país. Parécenos que é pouco presentable vir aquí única e exclusivamente intentar tapar a ausencia do señor Feijóo neste parlamento, vir aquí botar balóns fóra, vir aquí sen traer unha proposta clara e contundente para poder salvar o emprego en Alcoa. Isto, desde logo, é impresentable. É darlles unha labazada aos 543 traballadores e traballadoras, que teñen a carta de despido na súa man; é darlles unha labazada aos traballadores e ás traballadoras das auxiliares, que tamén van ser despedidos; é darlles unha labazada na cara a todos os veciños e veciñas dunha comarca como a da Mariña, que saben que, se pecha esa fábrica, será un golpe de morte. E, polo tanto, é vital poder salvar a produción e o emprego nesa fábrica de San Cibrao.

Nós, desde logo, temos claro que os galegos e as galegas saben quen son os responsables da situación de Alcoa, tanto na Mariña como na antiga Alcoa da Coruña. ¿De verdade vostedes cren que poden enganar alguén a estas alturas?

Nós estamos onde estamos porque o Goberno do Partido Popular do señor Rajoy aprobou un marco enerxético que é unha auténtica ruína para a industria de Galiza.

Estamos onde estamos porque o Goberno do PSOE do señor Sánchez continuou con ese marco enerxético sen cambialo.

Estamos onde estamos porque o presidente da Xunta, o presidente Feijóo, ausente, compórtase como un irresponsable de brazos cruzados, sen corazón coas familias que están en vilo. Un presidente que tivo como grande aportación ao longo destes anos vetar sistematicamente unha proposta do BNG, a de que teñamos unha tarifa eléctrica galega, para conseguir algo que todo o mundo entende menos o señor Feijóo, ausente: que Galiza ten dereito a beneficiarse da riqueza eléctrica do noso país, para abaratar a factura da luz con carácter

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeral, pero moi especialmente para usalo para manter industrias como, por exemplo, a industria electrointensiva de Alcoa.

Estamos, polo tanto, como estamos porque temos un presidente ausente, escapista, politicamente incompetente, incapaz de defender os intereses dos galegos e das galegas, mentres vemos como iso non pasa noutras partes. En Euskadi non está pechando ningunha Alcoa. ¿Saben por que? Porque o PNV negociou unha tarifa eléctrica propia, o presidente Urkullu, que lles permite ás súas empresas aforrar 45 millóns de euros cada ano e, polo tanto, facelas máis competitivas.

E tamén estamos onde estamos porque o señor Feijóo aplaudiu un marco enerxético que aprobou o Goberno de Rajoy e que nos permite o disparate de que, producindo electricidade a esgalla, os galegos e as galegas este ano esteamos pagando a factura máis alta da luz.

E tamén, efectivamente, estamos como estamos porque o Goberno de Sánchez leva dous anos dando largas para un estatuto das electrointensivas.

E, como guinda da torta deste disparate, temos tamén esa situación que nos parece grave e que vivimos esta semana no Congreso, onde vemos como o Partido Popular, o Partido Socialista e Podemos apoian a continuidade de Nissan en Cataluña, defenden hoxe mesmo a intervención pública, pero son incapaces de facer o mesmo con Alcoa-San Cibrao.

Pero no BNG, desde logo, non estamos por deixar caer máis empresas neste país e non imos permitir que a Mariña perda o seu principal sustento económico, nin que o noso país perda a produción estratéxica do aluminio. Por iso, desde o minuto cero, puxemos sobre a mesa unha proposta que é viable, executable de maneira inmediata e unha solución que ten dúas patas: por un lado, intervención pública por parte da Xunta e do Estado para nacionalizar Alcoa e, por outro, unha tarifa eléctrica galega que nos permita ter un prezo competitivo de enerxía. Porque temos que acabar co espolio enerxético do noso país e temos que acabar co dislate de ter centos de postos de traballo en risco polos custos enerxéticos nun país rico en electricidade.

E eu pídolles, por favor, que hoxe non nos veñan con esa historia de que non é posible. ¿Como nos poden dicir os mesmos que non tiveron ningún empacho en salvar a banca con 90.000 millóns de euros que non se pode salvar o emprego en Alcoa? ¿Como nos poden dicir que non os mesmos que estiveron dispostos a poñer 5.000 millóns de euros para salvar as radiais madrileñas, e agora din que non é posible salvar o emprego en Alcoa, que non se pode facer unha intervención pública para salvar o emprego?

Desde logo, o que lles pido é que non lle falten ao respecto a este país, que non lles falten ao respecto aos galegos e ás galegas, que non lles falten ao respecto aos veciños e ás veciñas dunha comarca que teñen o seu corazón en vilo polo futuro, polo seu futuro e polo futuro tamén dos seus fillos e das súas fillas. Porque non podemos esquecer que nesa comarca hai até tres xeracións de persoas que están traballando na factoría de Alcoa, desde os avós aos país e aos fillos.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde logo, nin o marco normativo galego nin o Estado nin a Unión Europea impiden a nacionalización de Alcoa. É máis: estamos vendo estes últimos tempos como desde Italia, Francia ou Alemaña están intervindo empresas estratéxicas da súa economía para poder salvar empregos. A última, a chanceler Angela Merkel acaba de inxectar 9.000 millóns de euros na compañía aérea Lufthansa, producindo de facto unha nacionalización.

Non hai ningún impedimento legal. Ademais, vai haber recursos, porque o Estado terá acceso a 140.000 millóns de euros de fondos europeos. Polo tanto, o único que se necesita é vontade política para poder saír de aquí cun acordo a favor do país para preservar o emprego e para salvar unha comarca.

E desde logo, señor Conde, debería polo menos ter memoria. Falou da situación de Alcoa na Coruña; unha operación avalada por vostedes tamén, señor Conde, vostede estaba de acordo con esa venda. Polo tanto, tamén terá algunha responsabilidade. Pero é que o que está pasando en Alcoa na Coruña tamén nos deixa en evidencia que vender a fábrica agora a un fondo non vai ser a solución porque, efectivamente, aí o que se fixo foi unha operación especulativa que está deixando nun canellón sen saída os traballadores e as traballadoras da antiga Alcoa na Coruña, que están poñendo sobre a mesa que non hai garantías nesta venda.

Tampouco debería de falarnos de Ferroatlántica, porque o único que pon de manifesto é a súa inactividade. ¿Por que non lles reclama aos donos de Ferroatlántica que realmente a electricidade, os saltos que teñen se estean utilizando para garantir o emprego nesa factoría? Ese exemplo o que deixa é espido un goberno que non actúa e que non fai absolutamente nada para salvar o emprego industrial do noso país.

E, en última instancia, finalizo cunha mensaxe de esperanza e ao mesmo tempo tamén cun compromiso moi claro pola miña parte. Este 12 de xullo, os galegos e as galegas temos que decidir cal é o noso futuro. O futuro que quere escribir o BNG é un futuro de esperanza para este país. E un dos primeiros retos nos que traballemos é darlle unha solución de futuro para Alcoa, cunha proposta moi clara: que a Xunta de Galiza interveña para que haxa unha nacionalización e a defensa dunha tarifa eléctrica galega para garantir produtividade e emprego. O BNG non lles vai fallar aos galegos e ás galegos, e demostraremos que non hai nada imposible cando hai vontade política e ganas de sacar adiante este país.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: En primeiro lugar, quero enviar o apoio de Galicia En Común aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas familias, que están pasando, por suposto, un momento de especial preocupación e dificultade. O noso apoio e o noso compromiso en seguir defendendo o mantemento dos postos de traballo, tal e como levamos facendo moito

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempo, traendo iniciativas a esta cámara. Fixémolo en numerosas ocasións defendendo os postos de traballo e mesmo apoiando iniciativas que considerabamos absolutamente cínicas do Partido Popular, pero concordabamos no fundamental, que era a defensa dos postos de traballo. Fixémolo en todas as mobilizacións dos traballadores e as traballadoras na rúa, e seguirémolo facendo, quero ser moi clara ao respecto. O mantemento dos postos de traballo en Alcoa foi, é e será unha prioridade para o noso grupo político. Aí está a hemeroteca para consultala.

Eran nosas as compañeiras que foron imputadas por estar defendendo algo tan esencial como o dereito ao traballo con estas persoas. E foino xa porque, lamentablemente, aínda que se intente olvidar, a situación desta empresa non é nova, xa que levamos anos coa mesma situación sen que o Goberno de Feijóo fixera absolutamente nada.

E mire, señor Conde: nós non dicimos que vostedes pechen Alcoa. Sería importante tomar esta situación en serio e podiamos concordar nun asunto fundamental: ningún Goberno pecha Alcoa. Esta é unha decisión empresarial, unha decisión empresarial lamentable e inaceptable contra a que temos que actuar. Esta decisión de pechar non a toma un goberno, nin o Goberno central, nin o Goberno autonómico, é dunha empresa privada absolutamente insolidaria, que nun momento de especial dificultade como este, logo de recibir centos de millóns de euros públicos, decide pechar unicamente para manter as súas marxes de beneficio.

A proposta da dirección de Alcoa de pechar a planta de aluminio que o grupo ten en San Cibrao implicaría —como sabe— o despedimento directo de máis de cincocentos traballadores, a metade do persoal co que conta a multinacional na costa de Lugo, e case outros cincocentos en empresas auxiliares. Un golpe que sería durísimo para a economía da comarca e para o futuro industrial do noso país, que suma este episodio ao xa vivido pola antiga planta de Alcoa na Coruña, na que vostedes tamén estaban implicados.

A compañía anunciou no 2018 que deixaba de producir nestas instalacións máis nas que tiña en Avilés polo prezo da enerxía. No verán do 2019 —como sabe—, vendeu ambas as factorías ao fondo suízo Partner Capital, que deixou a súa xestión en mans do Grupo Alu Ibérica. Pero hai máis, porque o grupo industrial Riesgo fíxose co paquete accionarial e hoxe, ademais de levar atraso no pagamento das nóminas, ameaza con despedimentos ante as posibles protestas do cadro de persoal, aos que dende aquí tamén mandamos o noso apoio.

O anuncio de pechar a planta de Alcoa en San Cibrao faise sen importar para nada cal é o resultado para as familias e o sector industrial do noso país. Por iso dicimos que non se pode consentir. Por iso non o imos consentir, nin nesta nin con outras empresas que están pensando facer o mesmo.

Non é de recibo que fagan este anuncio nunha situación como a actual, sobre todo —como dicía antes— para unha empresa que cando se construíu custou 95.000 millóns de pesetas e que foi regalada por Aznar por apenas 63.450 millóns, e que logo en apenas seis anos dende a súa compra foi quen de producir 1.731 millóns de euros en beneficios, máis de seis veces o que custara. En definitiva, unha estafa do Partido Popular, da que agora queren aparecer como totalmente alleos. Señor Conde, é indecente.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso preguntámoslle directamente: ¿que opinión lle merecen as privatizacións a prezo de saldo para amigos do Partido Popular? Teñen un largo historial.

Porque, señor Conde, non podemos esquecer que a cerna do problema estea precisamente na venda da pública Inespal a prezo de ganga, cando como dicía o señor Aznar, o seu colega, gobernaba no estado. Unha privatización gravosa, marca Partido Popular. Dende esa data e con dezaoito anos de goberno do Partido Popular en Galicia, ¿que fixo o Goberno para garantir o futuro de Alcoa e dos seus postos de traballo? Nada, absolutamente nada. ¿Que opina disto? ¿Que fixo vostede en particular como conselleiro de Industria?

Esa falla de política industrial ponse de manifesto no peso das políticas industriais nos orzamentos da Xunta. Fíxese: función 7, Regulación económica dos sectores produtivos e desenvolvemento industrial, que agrupa —como sabe— as políticas de regulación e promoción sectorial da nosa economía, acumula en termos nominais 2.905 millóns de euros, que en termos reais son máis de catro mil millóns de euros, nestes últimos cen anos de goberno de Núñez Feijóo.

Nos vixentes orzamentos, os do 2020, a dotación deste grupo de políticas segue a estar un 21 % por debaixo das dotacións previas á chegada de Feijóo á presidencia da Xunta, un 21 % menos. Dentro dese grupo de políticas, a política industrial e de desenvolvemento empresarial acumula recortes por máis de oitocentos vinte e oito millóns de euros.

Pero é que, ademais de recortar, vostedes son totalmente incapaces de xestionar o que prometen. Nos últimos anos, a Consellería que vostede dirixe vén ocupando sistematicamente o primeiro lugar no podio de incumprimento de xestión de execución. Só no ano pasado, vostede, señor Conde, deixou sen executar case douscentos millóns de euros na súa consellería. ¿Pode explicalo?

Con estes datos, non é de estrañar que durante os mandatos de Feijóo o emprego industrial neste país se teña reducido nun 20 % en Galicia. Son vinte mil empregos menos, vinte mil empregos industriais menos en Galicia, nun sector industrial que o ano pasado só representou o 15,5 % do PIB galego, moi lonxe do obxectivo que fixa a Unión Europea do 20 %. Igual diso vostede, en canto conselleiro de Industria, tamén debera explicar algo.

Vostedes nunca tiveron unha política industrial para este país; recortaron os fondos unha e outra vez, en investigación e innovación tecnolóxica tamén; non executan os orzamentos e, encima, botan unha e outra vez balóns fóra cando se produce un problema. Pero teño que lembrarlle que a Xunta de Galicia ten competencias en materia de política industrial —artigo 30 do Estatuto de autonomía— e ten tamén competencias en emprego que están directamente vinculadas co asunto que hoxe nos ocupa.

De feito, por non facer, o Goberno de Feijóo e vostede non fixeron nin un chamamento claro á empresa para que reconsidere a súa postura e garanta os postos de traballo. Estámolo agardando.

Nin tampouco o presidente da Xunta de Galicia acode a esta cámara, tal e como lle solicitamos os grupos da oposición. E non vén porque non ten unha soa proposta concreta que poñer

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

enriba da mesa, porque non sería quen de explicar por que en once anos non fixo absolutamente nada, nin por que foi o Partido Popular o que eliminou a tarifa eléctrica que tanto prexuízo supón para a industria electrointensiva. Non vén porque non tería como tapar a vergoña de que foron vostedes, foi o Partido Popular, o partido que lexislou o mercado eléctrico español para asegurar pingues beneficios aos seus amiguetes, que, logo, lles pagaron con cómodos asentos nos consellos de administración.

Falamos, por exemplo, do imposto sobre a xeración eléctrica do 7 %, creado no Goberno de Rajoy no 2012. Ese tamén era colega seu de partido. Falamos dos señores que están cobrando enormes beneficios: Luis de Guindos, José María Aznar, Manuel Pizarro, Pío Cabanillas, Rodolfo Martín Villa, insignes mandatarios do Partido Popular que cobran escandalosos salarios de Endesa, ou Ángel Acebes, en Iberdrola. Deses lodos, desa corrupción legalizada, dese capitalismo de amiguetes co *BOE* na man, tanta precariedade, dor e desemprego, e problemas hoxe.

Porque, señor Conde, o prezo da enerxía no subiu hai un ano. Vostede non explicou como é que de repente o prezo da enerxía se disparara. Non foi que chegara Pedro Sánchez á Moncloa e subira o prezo da enerxía, antes estaban vostedes. O caso é que vostede sábeo perfectamente, por moito que veña hoxe aquí tratar de despistar. Non se preocupe, que o titular na Televisión de Galicia xa o ten perfectamente garantido.

Por suposto que o Goberno do Estado ten que actuar nesta materia, por suposto que si, dixémolo e dirémolo. Non imos permitir que se perda emprego en Alcoa. Por iso traballamos para buscar solucións.

O lamentable é que vostede non estea sumando para buscar solucións. O lamentable é que vostede acuda a unha reunión con todas as bandas implicadas e se poña do lado da empresa e non do lado dos traballadores para defender os seus postos de traballo. Por iso preguntámoslle se o vindeiro día 9 vai facer o mesmo, se vai ir alí facer pinza cunha empresa ou vai ir defender os intereses das traballadoras e dos traballadores? Pedímoslle que, por favor, nos diga cal vai ser a súa postura.

Podería poñer outro exemplo de por que resulta contraditorio este discurso do Partido Popular. ¿Que fixo o Partido Popular? ¿Que votou vostede cando nosoutros propuxemos que as axudas públicas ás empresas estean sempre vinculadas ao mantemento dos postos de traballo? Vostede, señor Conde, votou que non; o Partido Popular votou que non. Esa é a súa política económica. Cando teñen que escoller entre beneficios empresariais ou dereitos das traballadoras e dos traballadores sempre o teñen claro. De feito, foron vostedes, foi o Partido Popular o que regulou a reforma laboral máis lesiva da historia do noso país.

E xa que falamos de cal é a postura do Partido Popular, gustaríanos facer outra pregunta moi concreta: ¿vai vostede apoiar a demanda do Goberno do Estado de reclamarlle os trinta e nove millóns de euros a Alcoa por mantemento dos postos de traballo? ¿Cal é a súa postura ao respecto? E outra cuestión fundamental: ¿o Partido Popular de Galicia apoiaría unha intervención pública para garantir os postos de traballo de Alcoa? Porque nós temos dito en moitos casos que nós estamos a favor da intervención pública da economía para manter os

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

postos de emprego. A súa historia, pola contra, é a de intervir a economía unicamente para vendela a trozos aos seus amigos. E fíxese que os seus colegas en Asturias mesmo onte dixeron que están en contra da intervención. Polo tanto, por favor, acláreno.

Aproveito tamén para lembrarlle unha das nosas propostas clave: un plan de rescate para os traballadores e as traballadoras de Alcoa que garanta os postos de traballo. Un plan de rescate industrial para esa comarca que permita a diversificación do emprego industrial de calidade. Vostede sabe perfectamente que o que non se pode é ligar todo o futuro dunha comarca a unha única empresa. ¿Que fixeron vostedes?, ¿que fixo vostede como conselleiro de Emprego nestes anos para garantir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...posibilidades de emprego de calidade na comarca?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, señoras e señores deputados.

A intervención do Goberno hoxe en sede parlamentaria ante a Deputación Permanente parécenos que non dá resposta aos problemas e á magnitude da situación da crise que estamos vivindo en relación cos problemas de Alcoa.

E queremos, en primeiro lugar, trasladar o compromiso do Partido Socialista de Galicia para traballar en calquera vía que sexa legal e economicamente viable á hora de dar unha resposta que dea prioridade ao mantemento do emprego na planta de Alcoa, en San Cibrao. Esa é a nosa posición. Así llelo trasladamos onte aos membros do Comité de Empresa de Alcoa-San Cibrao, así o temos trasladado na Mariña e así o manteñen ademais os alcaldes e as alcaldesas socialistas que están á fronte dunha maioría de concellos na Mariña. Porque esta é unha crise industrial que é moi relevante pero que hai que entender como afecta o conxunto de Galicia. E a verdade é que a política económica e a política industrial do Goberno do PP en Galicia é insuficiente, ausente e negativa para o país. O balance é malo, as medidas non están á altura, non hai rumbo e non hai resposta.

E pareceu, señor conselleiro, que vostede viña hoxe xustificar o anuncio de Alcoa a esta sede parlamentaria. Pareceu que vostede estaba lexitimando que unha multinacional que recibiu centos de millóns de euros de axudas públicas anunciase unha decisión que, sen ter en conta toda a responsabilidade social corporativa que lle é exixible, non pode ser asumida nin admitida por ninguén.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede sinala que os prognósticos da Xunta, os peores prognósticos, se fixeron efectivos, e a iso é ao que se reduce a política económica e industrial da Xunta de Galicia. Non hai nada máis. Non hai folla de ruta, non hai obxectivos intermedios, non hai prazos, non hai medidas; non aportou nada á solución da crise. O que vostede trasladou hoxe en nome do Goberno galego, señor conselleiro, é un folio en branco. Non hai nada que dicir por parte do conselleiro e do Goberno de Galicia. Por iso Feijóo non quixo vir, por iso Feijóo prefire escapar; porque non quere asumir en primeira persoa que non ten folla de ruta para a política económica e industrial en Galicia.

Claro, eu sei que o balance é moi negativo despois de once anos de goberno, sabémolo todos. Destrozáronse setenta mil empregos en poboación ocupada, mentres en España se crearon máis de seiscentos mil; porque hai máis problemas de desigualdade e máis fogares con todos os membros en paro; porque todo isto se asumiu en once anos nos que houbo unha etapa de crise pero houbo unha de recuperación.

E agora estamos nunha crise económica de moita profundidade, na que eu sigo perplexo de ver como o Goberno de Galicia non está tomando medidas de suficiente calado para a reconstrución económica e social do país. E esa, que é a tónica xeral do Partido Popular, a de dedicarse a confrontar co Goberno de España pero non aportar solucións, é a dun partido que non ten responsabilidades. Sería o mesmo que non houbese goberno en materia industrial en Galicia, porque non aportan nada para solucionar os problemas, nin rumbo, nin interese, nin orientación.

E hai que cambiar, señor conselleiro, a folla de ruta do Partido Popular en materia industrial. E agora, antes das vindeiras eleccións, vostede ten o reto tamén de modificar a súa folla de ruta para estas semanas, porque hai que estar á altura das circunstancias e aportar á hora de dar unha solución para o problema do emprego en Alcoa. E hai que facelo cunha grande alianza. Póñanse a traballar con lealdade, exerzan as competencias que ten o Estatuto, dediquen todas as medidas necesarias, póñanse man á obra e non se esquezan dos veciños e das veciñas da Mariña e dos traballadores de Alcoa en San Cibrao.

Vostedes non tiveron a capacidade de orientar a política industrial de Galicia nin de falar de plan de reindustrialización e de tomar medidas. Agora hai que amosar nestas semanas que están á altura. O Goberno de España, ao longo dos últimos dous anos, dedicou trinta e oito millóns de euros á planta de Alcoa en San Cibrao; unha planta que ten mil cen traballadores. Trinta e oito millóns de euros en dous anos; arredor dos trinta e cinco mil euros por cada un dos traballadores da planta. ¿E canto aportou a Xunta e o Goberno de Galicia para impulsar a modernización e o impulso da industrialización desa fábrica e do conxunto da Mariña? ¡Cero! A ausencia, a desaparición. A mesma que se está dando ao longo desta crise, sen ningún tipo de medida e sen ningún tipo de plantexamento.

E temos que dicir que non é de recibo. ¡Téñeno que dicir connosco, señor conselleiro! Non é de recibo que unha multinacional como Alcoa, que recibiu centos de millóns de euros de fondos públicos, poida anunciar que abandona unha comarca e abandona un compromiso co emprego. E quíxoo facer na Coruña e houbo que buscar unha solución, que é unha solución que está indo cara a un escenario que non nos gusta. E temos tamén que traballar para dar-

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lles o apoio aos postos de traballo e aos traballadores da antiga Alcoa na Coruña, que agora está en mans dun fondo que ten unha determinada historia.

Pero eu vou falar da historia, e eu vou falar tamén da historia de que ocorreu con esa empresa de Alcoa en San Cibrao. De como o Partido Popular, cando chegou ao goberno de España o señor Aznar, do primeiriño que fixo foi buscar un sistema para privatizar unha empresa pública na que se investiron moitísimos fondos e na que se fixo un proceso de modernización industrial, e para vendela a prezo de ganga por catrocentos e pico millóns de dólares, dos que ademais se descontaron distintas vías pola modernización anterior. E acabaron reducindo esa axuda e entregaron a antiga Inespal, que funcionaba e tiña folla de ruta, ao sector privado. ¡A custo de ganga! Entregárona sen ningunha contrapartida e, a partir de aí, esa é a responsabilidade tamén que ten o Partido Popular.

¡E claro que hai que falar! Porque os traballadores da planta de Alcoa saben moi ben que aquela privatización foi o xerme das dificultades que existiron despois de que un goberno estivese dedicando fondos para modernizar a empresa. Por certo, incluso recoñecía o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular —o señor Fraga naquel entón— como houbo un proceso de modernización e de aposta pola antiga Inespal dende o Goberno de España. E cando chegou Aznar: ¡para o sector privado! Entregada. Esa foi a clave dun exercicio no que non houbo folla de ruta, no que non houbo orientación. E a partir de aí chegaron distintos mecanismos. Regalouse cunha determinada vía coa que se afondou nunha mala dirección.

Agora a prioridade é non parar as cubas. Temos que buscar todos os mecanismos para non parar as cubas, e témolo que facer agora, porque temos un prazo de tempo moi curto por diante. Non podemos permitir que se pare ese proceso industrial. Foi un investimento feito ao longo de tantos anos que agora non se pode, despois de corenta anos funcionando, dar un paso atrás que nos deixe sen folla de ruta. E hai que barallar todos os mecanismos posibles que sexan legais e economicamente viables para facelo. Hai que sacar adiante o estatuto, por suposto, no que vostedes nin comezaron a traballar cando estaban no goberno con Rajoy. ¡En sete anos nin unha soa liña do Estatuto das electrointensivas!

Pero temos que ir máis alá, porque agora o prezo da electricidade non é o principal problema que hai no mercado nestas circunstancias. Pódenlle preguntar ao señor Feijóo, que tanto alardea da súa amizade co presidente, co xerente de Alcoa en España. Que lle explique ben as súas conversas, que faga Feijóo públicas todas as conversas que el ten coa dirección de Alcoa en España. Que expliquen cal é o comunicado que manda Alcoa e por que esa complicidade que ten o presidente da Xunta non serve para resolver o problema, e non hai ningún mecanismo e simplemente están na política da confrontación.

Trinta e oito millóns de euros do Goberno de España, cero do Goberno da Xunta de Galicia. ¿Que é o que fixeron? ¡Escapar! Escapar das responsabilidades e non dar ningunha resposta. E temos que traballar para conseguir esa folla de ruta pero non vexo ningunha orientación. Vostede fixo a intervención hoxe, señor conselleiro —con todo o respecto llo digo—, que sería a propia dun portavoz do Partido Popular no Congreso dos Deputados, por distintas responsabilidades. Pero vostede goberna en Galicia. Vostede é o conselleiro de Economía e Industria deste país, e vostede ten que dar respostas aos problemas que están vivindo os

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galegos e as galegas, a pesar da caída do peso industrial, do emprego industrial, ao longo de todo o seu balance.

É necesaria unha nova política industrial en Galicia; é necesario un cambio de rumbo na política industrial do noso país. A política económica e a política industrial son moito máis que vir hoxe comparecer sen ter aquí unha folla de ruta. Vostedes non falan de se hai que traballar nunha liña que permita gañar tempo. Vostedes non establecen se hai que tomar medidas que permitan tomar medidas de intervención nalgún senso para evitar que se peche a fábrica. Vostedes non falan de se hai que buscar novos investidores ou de se hai que facer presión sobre Alcoa para que se manteña na actividade. Vostedes non falan de nada porque non teñen folla de ruta para a industria en Galicia. E Galicia necesita un goberno distinto, un goberno con outra actividade e capacidade de compromiso coa política industrial.

E eu quérolle dicir, señor conselleiro, que igual que vostede dedica fondos públicos para tantos ámbitos industriais —por certo, con pouco xeito, e, de feito, os números do Igape son os máis preocupantes e amosan a crise do seu modelo industrial—, poña a través de todos os mecanismos de política industrial fondos e compromiso coa Mariña. Nós ímolo facer. Un goberno progresista á fronte da Xunta de Galicia vai ter unha política industrial activa, vaise comprometer co mantemento dos empregos, barallará todos os niveis de intervención que sexan legais e economicamente viables.

E dígolle máis: os galegos xa saben que en España vai haber un goberno con política industrial, e que en Galicia manter este goberno non é parte da solución, porque estando Feijóo non se arranxa nada; con esta política industrial non hai solución. É necesario un novo tempo para cooperar co Goberno de España e buscar mecanismos que permitan dar unha política industrial. E se, no último tempo, o Goberno de España dedicou trinta e oito millóns de euros á empresa de Alcoa, na planta de San Cibrao, quérolle trasladar aquí que un goberno progresista na Xunta de Galicia se compromete hoxe tamén a facer un plan de industrialización, de respaldo ao emprego industrial en Alcoa-San Cibrao —en toda a Mariña— que conte tamén ao longo dos próximos tempos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...cun importe de trinta e oito millóns de euros, que son perfectamente asumibles.

E, señor conselleiro, mentres non hai resposta na Xunta, o Goberno de España e outro goberno en Galicia traballarán pola industria, a que vostedes abandonaron.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Fai ben o señor Caballero en saír do hemiciclo porque o que lle vou dicir non lle vai gustar nada, pero supoño que os compañeiros do PSOE logo llo contan.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parécenlle moito trinta e oito millóns de euros que puxo o Goberno de España este ano. E que o Goberno anterior, o ano anterior, puxera o dobre, e o anterior do anterior, o triplo. Esa é a realidade.

Polo tanto, logo desta sobreactuación electoral e de mentiras, de medias mentiras, de trampas e enganos varios, imos falar en serio dos traballadores de Alcoa e dos traballadores da industria electrointensiva. Logo deste espectáculo de contorsionismo político, vendo como o señor Caballero ten que ir aos anos noventa para explicar o que o Goberno do seu partido non é capaz de facer no ano 2020, imos falar en serio do problema que afecta os traballadores da industria electrointensiva, a todos —cinco mil en toda Galicia—.

O certo é que, dende que chegou o Partido Socialista á Moncloa, logo de pactar o Goberno coas Mareas de Podemos —ou como queira que se chamen agora—, a industria galega sufriu un ataque *por tierra, mar y aire*. Esa é a realidade. Niso ten razón o señor Caballero. ¿A industria galega ten un problema? Claro, ten unha ameaza moi grande que se chama «Goberno de España».

Pecharon a central térmica das Pontes. ¿Por que? Porque quixeron pechala. Paralizaron o sector naval da ría de Ferrol, primeiro bloqueando o proxecto das F-110 —xa non se sabe nada del—, logo negándose á construción dese BAM que permitiría saír dese bache por falta de carga de traballo, e agora perdendo un contrato para construír dez fragatas para a Armada norteamericana. Agora insisten —ademais de tapadillo, con esa lei de cambio climático— nese empeño por cargarse máis de cen industrias, máis de cen empresas, situadas en dominio marítimo-terrestre. Vostedes son unha auténtica ameaza para a industria galega. Pero o que si hai en Galicia é un goberno que, sen mirar quen está á fronte do Goberno de España, vai defender os intereses de Galicia. Iso é o que se precisa, non xente que veña aquí defender a Sánchez.

Señorías, hoxe estamos aquí para unha comparecencia que nunca se tería que producir. Non se tería que producir porque esta situación era completamente evitable polo Goberno de España. Dío a camiseta da señora Ana Pontón: «Enerxía solución». Este é un problema enerxético, e as competencias en enerxía tenas o Goberno de España. Polo tanto, este contorsionismo político co que veñen aquí para tratar de culpar o Goberno da Xunta de Galicia do que vostedes fan mal é unha especie de burla á xente que ve con preocupación a posibilidade de perder o seu posto de traballo. E todo ¿para que? Para manter o posto de traballo do señor Gonzalo Caballero e dos seus compañeiros de partido.

Esta comparecencia non tiña que producirse porque non tiñamos que estar nesta situación. O problema de Alcoa é un problema exclusivamente do prezo da enerxía, sempre o foi. Quen queira dicir algo distinto —como acabamos de escoitar— ou queira convencer alguén do contrario —como acabamos de comprobar— está intentando confundir e enganar os galegos e as galegas. Alá cadaquén coa súa responsabilidade.

Polo tanto, a solución é abaratar o prezo da enerxía, sempre foi esa a solución. Esa é a solución. O Goberno sábeo perfectamente e os grupos da oposición —oposición, aquí; Goberno, en España— sábeno tamén perfectamente. Hoxe o que vimos foi un exercicio de como vir á

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cámara galega a lavarlle a cara a Sánchez —e tamén o saben—. Iso é o que están facendo e esa é a lamentable situación.

O relato dos feitos é implacable co Goberno Sánchez, primeiro, e agora coa coalición do Partido Socialista e Podemos —socios—, e tamén cos cómplices, co Bloque Nacionalista Galego. O relato do desleixo é unha suma de anuncios que nunca se chegaron a concretar en nada. O 31 de outubro de 2018, Teresa Ribera anuncia un estatuto electrointensivo no Congreso. ¡En outubro do 2018! E estamos en xuño do 2020. O 5 de febreiro de 2019, Reyes Maroto anuncia o estatuto para dentro de tres meses —en febreiro do 2019, ¡eh!—. O 11 de marzo de 2019, Pedro Sánchez afirma na Coruña: *«En nueve meses hemos garantizado el futuro para Alcoa». ¡Caramba, y se quedan tan panchos!.* Esa é a realidade. Ese foi un titular que, dende logo, semella ser unha broma de moi mal gusto. Visto coa perspectiva do tempo, é unha burla inaceptable pola que alguén debería pedir desculpas, principalmente os que se sentaban na silla do lado e agora se sentan nese escano baleiro, porque é mellor abandonar o hemiciclo que escoitar as verdades que lles temos que contar acudindo simplemente ao relato dos feitos dende o 31 de outubro de 2018.

Mentres tiveron plenos poderes non fixeron nada e cando os perderon dixeron que estaban en funcións. Pero é que logo volveron ter plenos poderes e tampouco o fixeron. Seguiron as promesas —iso si—. Durante seis meses só houbo promesas, promesas e máis promesas. O 20 de xaneiro de 2020, xa constituído o novo Goberno, a flamante ministra de *Trabajo —la pontevedresa Yolanda Díaz—* dicía que o estatuto estaría aprobado nuns días. Era xaneiro e estamos en xuño. Señora Chao, chámea, se pode, ao acabar. Díxoo o 20 de xaneiro de 2020.

Cando por fin presentaron ese estatuto e todas as empresas, os traballadores, os comités de empresa e os sindicatos dixeron que era insuficiente, o que fixo Galicia foi sumarse a Asturias e a Cantabria, gobernos autonómicos de signos completamente distintos, e presentar unhas alegacións nas que todo o mundo coincide en que permitirían resolver o problema. Por certo, unhas alegacións que se votaron no Senado. ¿Saben o que fixo o Partido Socialista no Senado? Votou en contra. O PSdeG-PSOE, co senador lucense, ¿que fixo? Votar en contra. Supoño que porque o mandou o señor Gonzalo Caballero. ¡Que cinismo e que pouca vergonza!

O certo é que defende mellor os traballadores galegos o PSOE asturiano que o PSOE galego, esa é a verdade. ¿Non lles dá vergonza? ¿Non lles dá vergonza? Por iso, precisamente por iso, moitos socialistas galegos non se senten representados por vostedes. Precisamente por iso, por pensar que a prioridade para o PSdeG é Pedro Sánchez e non é Galicia. Precisamente por iso moitos socialistas senten desafección co PSdeG-PSOE.

¿Que lle pedimos nós ao Goberno? Pedímoslle o mesmo que fixeron outros gobernos da nosa contorna comunitaria, o mesmo que fixeron os gobernos de Alemaña e os gobernos de Francia. Pedímoslle o mesmo ao goberno actual que aos gobernos anteriores, porque isto mesmo xa sucedeu. Houbo un goberno que era socialista, de Rodríguez Zapatero, que resolveu a situación, e logo houbo outro goberno, de Mariano Rajoy, que tamén resolveu a situación. Esa é a realidade e ese é o relato de feitos que é insoportable para o PSdeG-PSOE. Iso é innegable.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O PSOE galego, ademais, fixo gala disto nesa sucesión de eleccións que houbo no ano 2019. Nun mitin que se produciu na Mariña lucense, en novembro do ano pasado, Caballero dixo que *«el PSOE se presentaba como garante de la continuidad de Alcoa»*. Mente, mente, mente e continúa mentindo. Dende logo, nós cremos que esta actitude non ten sentido.

Ademais, hai acusacións moi chamativas que acabamos de escoitar, como a do voceiro do Partido Socialista, que dixo que Feijóo non fixo nada pola industria galega. Todos os que estamos aquí sabemos que Gonzalo Caballero, efectivamente, representa a poucos socialistas —e cada vez a menos, logo de espectáculos coma o de hoxe, ¿non?—. Todos vostedes se acordarán —perfectamente, ademais— de cando o alcalde das Pontes, presidente da Deputación da Coruña e secretario provincial dese partido, lle agradeceu expresamente ao presidente Feijóo a súa implicación para tratar de evitar o peche da central térmica. Por certo, vostedes aproveitaron agora a pandemia para pechala por decreto no estado de alarma. ¡En hora boa!, outra vez unha falta de vergoña. ¿Que facía Caballero nese momento? Caballero calaba, Caballero calaba.

Á señora Ana Pontón eu non lle vou recordar o peso importantísimo que ten o seu partido no sustento do Goberno de España e canto respecta o Partido Socialista en Madrid a súa formación política. Vostedes conseguiron, ademais, a comunicación entre provincias nestes días. ¿Que quere que lle diga, señora Pontón? Vostedes son os cómplices dunha actuación francamente lamentable. Eu lamento que hoxe veña con isto da tarifa eléctrica galega outra vez para mentir e enganar a xente. Non hai tarifa vasca, vostede sábeo. Á tarifa vasca acóllense empresas galegas tamén. Non existe a tarifa vasca como non pode existir a tarifa galega, porque non é legal, porque non é xusta e porque non é realista. Por certo, agora que pasamos a ser deficitarios na produción de enerxía, logo do peche consentido polo Bloque da central térmica das Pontes, sería un negocio ruinoso se fose legal a tarifa eléctrica galega, porque pechou a central térmica das Pontes o socio co que vostedes gobernan en moitísimas deputacións e concellos. Esa é a realidade de toda esta situación.

Señora Luca Chao, eu remato xa pero gustaríame deixarlle enriba da mesa unha cita da que hoxe é ministra de Traballo e hai pouco era candidata do seu partido ás eleccións xerais. En novembro, nun debate de candidatos enfrontábase co número dous do PSdeG-PSOE —dende logo, un dos «desinformadores» profesionais da política galega— e Yolanda Díaz, falando de Alcoa, dicía: «Para que a cidadanía teña un pouquiño de rigor, a competencia sobre a Lei do sector eléctrico é estatal, dá igual Xan que Perillán» —volve Perillán—. «Para ter un prezo da enerxía eléctrica como teñen Francia ou Alemaña hai que dicirlles ás eléctricas que xa non mandan. É unha vergoña que deixemos caer Cervo por non ter un prezo xusto da enerxía». Isto é o que dixo a súa compañeira, a señora Yolanda Díaz.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: É verdade que daquela non conseguira aínda ser ministra dun goberno do Partido Socialista.

Lamento profundamente que ademais non retocase o seu argumentario sobre as portas xiratorias, porque, dende logo, esta semana non é o mellor momento para facer o comentario unha vez que Podemos conseguiu colocar un representante no Consello de Administración...

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas, señor Tellado. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, esta mañá o Goberno veu a este Parlamento para trasladar todas as propostas concretas que estamos apoiando xunto cos traballadores, cos sindicatos e coa industria electrointensiva ante o Goberno para atopar unha solución. Polo tanto, eu esperaría unha concreción por parte dos diferentes membros deste Parlamento sobre se realmente están dispostos a facer o mesmo que está facendo a Xunta de Galicia, que é apoiar as alegacións que apoian os traballadores, que apoia a industria e que apoian os gobernos de Galicia, Asturias e Cantabria. Se saímos con ese acordo, eu creo que seguramente teremos cumprido a nosa responsabilidade con preto de mil familias que nestes momentos o que están precisando é sinxelamente iso.

Eu responderei a todos os temas que vostedes plantexaron na súa intervención. Pero creo que é moi sinxelo: os grupos da oposición ¿apoian as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia xunto cos gobernos de Asturias e Cantabria, que son as alegacións que, ao mesmo tempo, están defendendo a industria e os traballadores de Alcoa?

Señor Rodríguez Estévez, eu non lle botei a culpa a ninguén, revise a miña intervención. Eu vin trasladar cal é a situación, cales son as propostas concretas que ten a Xunta de Galicia e, polo tanto, buscar unha solución. A Xunta de Galicia irá apoiar os traballadores, apoiar a industria de Galicia, ante o Goberno de España precisamente para atopar unha solución. Isto non é unha cuestión de culpables, é unha cuestión de atopar unha solución técnica, ¡técnica, señorías!, técnica e legal. Estano a facer noutros países da Unión Europea. Seguramente o Goberno de España tería que explicar por que aquí en España non é posible. Recoñézolle que esa resposta, despois de dous anos, non a atopei nin por parte do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo nin tampouco por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Diferentes intervencións foron trasladadas aos diferentes membros sobre a política industrial da Xunta de Galicia e sobre as competencias que ten a Xunta de Galicia en materia de política industrial, por suposto. Pero a industria depende de moitos factores para a súa competitividade, e un deses factores é o prezo eléctrico. Eu tampouco vin a este Parlamento a falar de competencias. Este non é un tema de competencias, é un tema de que o Goberno de España e a Xunta de Galicia se poden poñer de acordo para darlle unha solución técnica e legal a unha empresa. E a partir de aí podemos poñernos de acordo moi rapidamente sobre todos os mecanismos que se poden precisar para dar esa resposta. Pero vostedes saben perfectamente —e creo que os traballadores de Alcoa non merecen este tipo de debates— que o único factor, o principal factor que lastra a competitividade de Alcoa é o prezo eléctrico, sábeno perfectamente. E saben perfectamente que o único que ten competencias en materia

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de política enerxética é o Goberno do Estado —artigo 3 da Lei do sector eléctrico de España—.

Os grupos políticos poderán cambiar, pero o marco enerxético depende única e exclusivamente das decisións que poida tomar o Estado. Polo tanto, cando falamos de atopar unha solución para Alcoa, precisamos a implicación do Goberno de España e precisamos a vontade política de que o Goberno de España dea a mesma resposta que nestes momentos están dando países como Alemaña, como Francia e como Italia. Insisto en que non pedimos outra cousa distinta.

Polo tanto, eu trasladei aquí propostas concretas que lles pido que vostedes apoien. Trasladei como proposta a aprobación inmediata do estatuto coas achegas que se presentaron por parte dos gobernos de Galicia, de Asturias e de Cantabria —competencia do Estado—; trasladei a proposta de que a convocatoria inmediata da poxa de interrompibilidade para o segundo semestre do ano 2020 sexa polo menos co mesmo importe que o do ano 2019 —competencia do Estado—; e trasladei como proposta que se consigne o máximo que permita a Comisión Europea de compensación de custos indirectos das emisións de CO_2, 268 millóns de euros —competencia do Estado—.

Polo tanto, señorías, son todas as medidas que precisa Alcoa como industria esencial do noso país precisamente para que se poida garantir a súa continuidade de cara ao futuro. Eu o que espero —e insisto— é que dunha forma explícita os grupos parlamentarios apoien as alegacións presentadas polo Goberno de Galicia ante o Goberno de España, porque iso será o que imos defender.

Hoxe estamos a falar de Alcoa-San Cibrao. E pregúntanme polas medidas que ten tomado a Xunta de Galicia. Eu xa llas trasladei. Claro que a Xunta de Galicia ten complementado as medidas do Estado a través da súa política industrial, porque apoiamos a conversión, o gas da planta, a través da chegada do gasoduto da Mariña. Pódolles asegurar que os únicos que non se olvidan do esforzo que se tivo que facer precisamente para facer competitiva esta planta son os veciños da Mariña.

Tamén apoiamos a modernización dos fondos de Alúmina cun millón de euros, e por iso hoxe é unha das plantas máis competitivas e modélicas a nivel internacional. Facilitamos a revisión da autorización ambiental integrada; é dicir, estamos traballando para garantir a viabilidade administrativa e medioambiental desta planta, e estamos en disposición de seguir apoiándoa con fondos de aforro e eficiencia enerxética precisamente para que tamén se poida converter a gas natural a planta de aluminio.

En definitiva, señorías, asumimos as nosas competencias. Insisto en que non é un tema de competencias, é un tema de sentarse e de vontade política, pero a Xunta de Galicia claro que exerceu as súas competencias.

O que non ten sentido, señorías, é pretender ser autosuficientes dende o punto de vista enerxético, que é o que nos está a trasladar o Ministerio de Transición, se despois temos que importar o resto de materias primas como o aluminio, o aceiro e as aliaxes, que son

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

imprescindibles para as nosas fábricas. Isto non se entende dende o punto de vista da política industrial. E iso, señor Caballero, é política industrial. Tampouco ten sentido falar de industria e de innovación se o Goberno do Partido Socialista e de Unidas Podemos, co respaldo do Bloque Nacionalista Galego, usa o medio ambiente como escusa para que desapareza o noso tecido industrial.

Pregúntenlles vostedes aos traballadores das centrais de Meirama e das Pontes a ver que opinan da súa política enerxética. Pregúntenlles aos traballadores de Ence sobre a seguridade xurídica que está trasladando o seu goberno e pregúntenlles tamén aos traballadores de centos de empresas do litoral que hoxe ven ameazada a súa viabilidade pola súa Lei de costas.

Eles, os traballadores galegos, os traballadores da industria galega, cremos no medio ambiente e cremos na industria, e cremos nós que son compatibles. Vostedes non, seguramente por iso estamos aquí hoxe esta mañá, seguramente.

En calquera caso, cando se fala de política industrial, podería haber perfectamente outro debate, pero eu podo traer aquí como a industria galega está demostrando a súa competitividade, porque, se non, señorías, Galicia nos últimos cinco anos, non estaría batendo récords de exportación de forma permanente. E seguramente, se non houbera unha política industrial que apoiara a dixitalización do noso tecido produtivo e os investimentos en innovación, PSA non estaría desenvolvendo dous novos modelos na fábrica de Vigo, garantindo os empregos no sector da automoción, con investimentos de máis de 600 millóns de euros, apoiados, loxicamente, por este goberno. E se non houbera política industrial, seguramente a nova fábrica de Albo, na Plisán, non se podería desenvolver. Poderiamos falar tamén dos investimentos de Estrella Galicia para a súa ampliación na Coruña, ou se quere falamos de como este goberno está apoiando o investimento de máis de 100 millóns de euros de Inleit nas súas novas instalacións de Curtis para consolidar a industria agroalimentaria vinculada ao sector lácteo.

Se quere, falamos do sector aeronáutico e falamos dos 25 millóns de euros que estamos apoiando cos investimentos de Delta Vigo no sector aeronáutico, ou podemos falar dos investimentos que se están desenvolvendo no polo aeronáutico de Rozas. Podemos pasar ao sector das telecomunicacións e, polo tanto, ver como este goberno está apoiando os investimentos de Televés para mellorar os seus procesos ou de como este goberno está apoiando os investimentos de Benteler, en Mos, ou de como este goberno está apoiando o sector naval, facilitándolle o financiamento a 22 auxiliares galegas, precisamente para que poida fortalecer o seu posicionamento.

En definitiva, señorías, o produto interior bruto galego no primeiro trimestre do ano 2020 decreceu case dous puntos menos que o do conxunto do Estado. Isto non é unha casualidade, aínda que vostedes queiran pintala; isto é competitividade do noso tecido industrial. E seguramente Galicia, se está logrando cambiar a tendencia na situación, no mercado laboral, é precisamente porque hai un tecido industrial que está fortalecido, e seguramente non estariamos falando de que o peso da ocupación industrial cun 17,63 % resulta superior en tres puntos á ocupación industrial do Estado.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, señorías, creo que os traballadores de Alcoa non merecen que nós falemos de competencia, merecen que falemos de solucións. Eu, lamentablemente, non escoitei solucións nas súas respectivas intervencións.

En calquera caso, señor Rodríguez, eu agradézolle a súa intervención e, dende logo, nós imos seguir traballando nas diferentes propostas, como lle teño trasladado.

Falábame vostede de Alu Ibérica. Tamén outros membros da oposición me falaban de Alu Ibérica. Vostedes saben perfectamente que este goberno non apoiou a solución de Alu Ibérica por parte do Goberno; apoiou os traballadores, que é distinto. O compromiso do Goberno con Alcoa A Coruña era desenvolver unha mesa para identificar un prezo eléctrico competitivo que garantise a súa viabilidade, un incumprimento do Goberno de España que, lamentablemente, levou a que Alcoa A Coruña —hoxe Alu Ibérica— estea nunha situación de enorme delicadeza, porque só ten garantidos os empregos ata xuño do ano 2021. E esa decisión, señorías, foi do Goberno de España, non olvidemos iso, porque, se non, estariamos intentando enganar a xente, e a xente non o merece. Despois de oito meses, desde outubro do ano 2018 ata xuño de 2009, o Goberno foi incapaz de cumprir o seu compromiso, que era ter un prezo competitivo para garantir a produción de aluminio primario en Alcoa A Coruña. Despois dese incumprimento, estamos agora nesta situación, e agora volven incumprir os seus compromisos. Lamentablemente, o Goberno e o Partido Socialista de Galicia están incumprindo permanentemente os seus compromisos, primeiro con Alcoa A Coruña e agora con Alcoa San Cibrao.

Eu non quero recordar aquí, porque non paga a pena, as declaracións do presidente do Goberno dicindo que estaba garantido o futuro dos traballadores de Alcoa. Non paga a pena. Non paga a pena recordar as declaracións, señor Caballero, que vostede fixo dicindo que a solución de Alcoa era inminente; un desprezo aos traballadores de Alcoa. Polo tanto, se queremos atopar unha solución, falemos de solucións técnicas e legais.

A señora Pontón veu aquí facer un mitin, que me parece moi ben; é, loxicamente, a súa decisión, pero non estamos para mitins, señora Pontón, isto é o Parlamento. Eu entendo que vostede veña aquí facer política, perfectamente, pero cun pouco de rigor; eu o que único que lle pido é un pouco de rigor porque os mitins se fan noutro lugar.

Señora Pontón, é perfectamente compatible a política co rigor, perfectamente compatible. Eu o que lle pediría sería que na súa intervención abandone a política e volva ao rigor, e seguramente así poderiamos atopar unha solución consensuada para os traballadores de Alcoa. Dende logo, vostede sabe que a súa nin é legal nin é viable. Así non vai axudar os traballadores de Alcoa. En calquera caso, vostede, que está apoiando o Goberno de España, seguramente ten unha magnífica oportunidade para que se cumpran os compromisos de lexislatura que vostedes asinaron. Vostedes asinaron que ían solucionar, darlle unha solución, á competitividade da planta de Alcoa, e vostede está apoiando no Congreso do Deputados o Partido Socialista, que quere pechar a planta de Alcoa, xunto con Podemos. Bueno, pois será a súa responsabilidade. Non conte con nós, dende logo, para esa andaina, porque esta Xunta de Galicia ten moi claro cales son as súas prioridades, e a súa prioridade é Galicia. Vostede ultimamente ten outras prioridades, seguramente en Cataluña. ¡Curioso que nomee vostede Cataluña! Porque, efectivamente, Cataluña ten un problema con Nissan, claro que si,

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

igual que nós temos con Alcoa. A diferenza está en que nós —o presidente da Xunta, en varias ocasións— lle pedimos por escrito á ministra que dea unha resposta á situación de Alcoa, a última delas o propio luns. ¡Curioso!, a ministra ten tempo para reunirse coa conselleira de Cataluña, pero coa Xunta de Galicia non ten tempo ata o día 9 de xuño. Seguro que ten unha axenda moi complicada a ministra, complicadísima, enténdoo, pero a situación que teñen os traballadores de Alcoa non merece que un goberno de España desprece eses traballadores e desprece un goberno que lle está pedindo axuda e que quere sentarse para buscar solucións. Pero vostede, señora Pontón, é a que está apoiando ese goberno, non a Xunta de Galicia.

Eu o que si lle agradezo —porque, como verá, a posición da Xunta de Galicia é totalmente construtiva— é que vostede estea apoiando a posición da Xunta de Galicia para que se poidan dotar os fondos europeos para favorecer un plan específico para a industria electrointensiva, porque aí temos solucións, e a Xunta de Galicia vén aquí buscar solucións: unha eléctrica e outra industrial. Todos os países da Unión Europea saben e coñecen que o fondo Next Generation vai dotar a España de 140.000 millóns de euros, 77.000 a fondo perdido e 63.000 con financiamento. E os países, os estados membros, señorías —por iso eu non veño aquí falar de competencias—, teñen a capacidade de presentar os proxectos que consideren axeitados para fortalecer o tecido produtivo dos seus respectivos países.

O presidente do Goberno de España anunciou o domingo que ía presentar, con cargo a ese fondo europeo, un plan para a automoción. A Xunta de Galicia o que lle pide ao Goberno de España —e espero que o apoien todos os grupos parlamentarios— é que tamén se presente un marco específico e un plan para apoiar a industria electrointensiva en España para mellorar a súa capacidade competitiva, para a súa modernización, e que, polo tanto, a industria básica en España e en Galicia sexa un eixe vertebrador do noso tecido industrial. Iso é o que lle pedimos, porque iso é, dende logo, o que está a defender a Xunta de Galicia.

Señora Chao, eu estou de acordo cunha parte do seu discurso, pero seguramente na outra parte se equivoca de destinatario e se equivoca de Cámara. Eu enténdoo, porque cando un está gobernando en Madrid, moitas veces pode confundir os contextos, pero seguramente hai unha parte do seu discurso que llo debería entregar directamente en Madrid ao vicepresidente do Goberno e á ministra de Traballo, seguro. Eu estaría encantado de que esa parte do discurso tivera unha resposta por parte da ministra de Traballo e por parte do vicepresidente do Goberno porque seguramente, se non desviaramos o debate cara a camiños que non levan a solucións por parte dos traballadores, pois se encontraría unha resposta para esa solución industrial.

O problema que temos son as contradicións de estar na oposición e de estar no Goberno, e esas contradicións, lamentablemente, levan a firma da ministra de Traballo, pero esas contradicións insisto en que non lles van dar ningún tipo de solución aos traballadores de Alcoa.

Dende logo, creo que quedou claramente de manifesto que nós estamos ao lado dos traballadores. Poden vostedes trasladar calquera outro posicionamento, pero eu creo que na miña intervención só falo dos traballadores e do Goberno. Loxicamente, defendemos todas as exixencias á empresa para que cumpra os seus compromisos, por suposto, e todas as exi-

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xencias para que calquera solución implique condicionamentos dende o punto de vista dos fondos que se poidan adicar por parte do Goberno, por suposto. Porque iso é o que levamos defendendo durante todos estes últimos anos. Polo tanto, nese contexto, poderá atopar, dende logo, a Xunta de Galicia apoiando.

Pero simplemente un matiz, señora Chao. É certo que —e dígollo un pouco para que o comparta co vicepresidente do Goberno e coa ministra de Traballo— ningún goberno vai pechar Alcoa, pero a inacción dun goberno si pode pechar Alcoa, que é distinto. Nós o que lle pedimos ao Goberno é que actúe e que, polo tanto, dea unha solución dende o punto de vista técnico e dende o punto de vista político a Alcoa, e seguramente así atoparemos unha solución.

Señor Caballero, a verdade é que levaba, pola suspensión do Parlamento, tempo sen escoitalo, pero ¡vaia mitin! ¡Vaia mitin que veu aquí vostede trasladar! A min, pola súa intervención, só me quedou unha cousa clara: nin vostede nin o Goberno de España teñen unha solución para Alcoa, e iso é preocupante. Non lle escoitei nin unha soa solución. Gustaríame saber se realmente vostede apoiaría ou apoia as mesmas alegacións que están apoiando os seus compañeiros de Asturias e de Cantabria. Moi sinxelo. Se é si, imos xuntos; se non é así, non veña aquí facer un mitin, porque o que pode facer é ir á Mariña, pero nada máis. Quero dicir que iso, dende logo, non vai resolver os problemas que nestes momentos estamos intentando resolver.

Dende logo, se o Partido Socialista de Galicia apoia esas alegacións, seguro que estaremos ante o comezo dunha solución, que iso é o que nós, como Goberno da Xunta de Galicia, vimos aquí trasladar. Creo que xa quedou claro porque eu entendo perfectamente que vostede teña que ser o portavoz do Goberno, enténdoo perfectamente, pero, como sabe, o Goberno, dende o punto de vista da súa política industrial, realmente está ausente. É unha decisión primar o ámbito enerxético fronte ao industrial. É unha decisión, que, loxicamente, é lexítima, pero iso non lles vai dar unha solución aos traballadores de Alcoa, e vostede está en Galicia.

Eu entendo que é o seu compromiso en Galicia. Dende esta mañá, ao mellor, xa teñen unha opinión distinta, pero eu si pediría que haxa unha rectificación por parte do Goberno, porque sen esa rectificación nós non poderiamos atopar esa solución.

Termino agradecendo as diferentes aportacións que se trasladaron, e termino coa posición da Xunta de Galicia. A posición da Xunta de Galicia é sinxela. Seguramente os grandes problemas precisan de solucións sinxelas, e hai dúas vías para solucionar o futuro de Alcoa e das 534 familias que dependen desta decisión política. Non olvidemos as familias, preto de mil, que están dependendo dunha decisión política. É moi simple: primeiro, hai que establecer un prezo eléctrico nas mesmas condicións que están establecendo outros países europeos —non pedimos outra cousa— e, en segundo lugar, presentar un plan de apoio á industria básica electrointensiva nos próximos fondos europeos que disporá España para fortalecer o noso tecido industrial en Galicia. Iso llo agradecerán as familias de Alcoa e tamén as 5.000 familias que dependen da industria básica electrointensiva en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Eu creo que todos os argumentos xa foron aquí profundamente debatidos, polo que igual xa non ten moito sentido repetilos. O que si quixeramos facer dende En Marea son tres preguntas fundamentais, e pensamos que a resposta explícita é importante, porque é o que as veciñas e as traballadoras e traballadores de Alcoa están esperando.

Primeiro queriámoslle preguntar ao señor conselleiro se está de acordo ou non na intervención do Estado e da propia Xunta de Galicia na empresa para garantir o seu futuro e os seus postos de traballo, sobre todo os seus postos de traballo. Pensamos que é posible. Como vostede recoñeceu, vai haber fondos, van entrar cartos. Aquí vimos xa en varias ocasións como o propio Goberno galego tivo cartos para rescatar a banca, e pensamos que tamén rescatar unha empresa para a supervivencia dos seus postos de traballo é unha decisión política. Gustaríanos saber a súa resposta.

Tamén quería preguntarlle —e isto xa é máis para o Partido Socialista— se vai aprobar o Goberno de maneira inmediata unha estatuto para estas empresas que garanta o prezo da electricidade por debaixo deses 40 euros por megavatio/hora, e cal, señor conselleiro, é o plan de reindustrialización da Xunta para A Mariña ao que adicar eses masivos fondos que van chegar da Unión Europea.

Xa manifestamos en reiteradas ocasións —e consideramos imprescindible, sen prexuízo doutra medida— esa entrada temporal do Estado de maneira directa a través da Sepi no capital de Alcoa, para axudala a capear esta situación de crise, que entendemos como conxuntural e non estrutural, así como a aprobación dese estatuto de industrias electrointensivas.

Dende En Marea enviamos unha carta á ministra de Traballo, da que non obtivemos resposta, onde lle exiximos que traslade ao Consello de Ministros esas dúas propostas, tanto a aprobación do estatuto como a entrada no capital da empresa do Goberno e tamén da Xunta.

Pensamos que é unha situación límite se non actuamos de maneira inmediata. Vaise volver unha situación irreversible, que vai condenar a toda unha comarca durante moitos anos. Gustaríame que vostede lle pedira ao presidente da Xunta —que non sei se estará aínda no telexornal ou non a estas horas— que asuma a súa responsabilidade, que faga uso das competencias exclusivas que o Goberno autonómico ten atribuídas en materia de industria, e gustaríanos que lle trasladase iso e as preguntas que lle fixemos, que nos conteste, xa non por nós, senón que nos gustaría que aproveitara a súa quenda final para dar respostas e propoñer alternativas de solución para o persoal da factoría. Estamos falando de persoas, esta-

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos falando de postos de traballo, estamos falando dunha comarca e estamos falando dunha provincia. Vostede falaba de problemas técnicos, de solucións técnicas. Póñanse da man Goberno e Xunta para que esa xente non vaia á rúa.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Conde, a verdade é que nós estamos hoxe aquí pola incompetencia e a deslealdade de Feijóo con Galiza, porque é incapaz de defender os intereses do noso país. Fíxese, xa non é que non teña un proxecto de futuro para Galiza, un proxecto modernizador, é que non é nin tan sequera capaz de defender a industria e o emprego que temos no noso país.

E falábanos vostede de desprezo. ¿Como lle chaman ao feito de que o presidente da Xunta, unha semana despois de terse anunciado que ían ir para a rúa 534 traballadores e traballadoras de Alcoa, e centos tamén nas auxiliares, non se teña reunido con eles? Pois eu a iso chámolle «a quintaesencia do desprezo polos traballadores e traballadoras de Alcoa e por todos os veciños e veciñas desa comarca».

Teño moi pouco tempo nesta intervención. Polo tanto, non vou destinalo a desmontar ese *fake relato* do PP, ese *fake relato* de Feijóo, que xa non lle coa a ninguén, e moitísimo menos aos traballadores e traballadoras de Alcoa nin tampouco a miles de persoas na comarca da Mariña que están vivindo, desde logo, con moita preocupación esta situación. E esa preocupación agrávase cando vemos que o presidente da Xunta non move nin un dedo cando hai en risco miles de empregos no noso país, nin tan sequera é capaz de vir dar a cara no Parlamento de Galiza e poñerse á fronte dunha situación tan grave e tan dramática como a que estamos vivindo.

Hoxe o que temos aquí pois creo que é unha cuestión moi grave. Pero tamén é moi preocupante a actitude. Vemos un PP e un PSOE, un Goberno da Xunta e un Goberno do Estado, que están no mesmo *pim, pam, pum* que unha semana antes de que tivésemos unha noticia tan preocupante sobre a mesa. E parece que a intervención que fixo o conselleiro ignora un feito que é fundamental, e é que hoxe temos sobre a mesa o despedimento de 534 traballadores e traballadoras de Alcoa, e de centos máis nas auxiliares, e vén cun *copy page* dos discursos que nos facía aquí durante toda esta lexislatura.

E isto, realmente, neste momento non vai de alegacións, vai de solucións. E claro que hai solucións. Hai unha solución política, legal e factible. Desde o BNG estamos poñendo esa solución sobre a mesa. Hai que facer unha intervención pública para nacionalizar Alcoa e

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hai que acabar co espolio enerxético deste país a través dunha tarifa eléctrica galega. E o que nos ten que dicir é se están en disposición, ¿si ou non?

Señor Conde, ¿de verdade que pode dicir que é ilegal a intervención pública para nacionalizar Alcoa? ¿Pode dicir iso vostede, que vén dun partido que avalou destinar 90.000 millóns de euros para salvar a banca, que destinou 5.000 millóns de euros para nacionalizar as radiais madrileñas? Agora vén aquí dicir que non é posible unha intervención pública para salvar o emprego dos traballadores e das traballadoras. ¡Como pode dicir que non é posible e viable un prezo diferenciado para a enerxía en Galiza! ¡Pero como pode dicir iso, señor Conde! Pero, se estamos os galegos e as galegas pagando a factura da luz máis cara, ¡como non imos poder obter unha rebaixa! ¡Pero que clase de tomadura de pelo é esta, señor Conde! ¡Como pode dicir que a «euskopeaxe» non existe! ¡Pero se a pactaron co Partido Popular! ¡Pero se lles permite ás empresas de Euskadi unha rebaixa na factura da luz e aquí vostedes o que fixeron foi vetar sistematicamente iso!

¡Claro, si, si, a camiseta di «enerxía solución»! E hai que ter solucións enerxéticas para este país. Hai que acabar co auténtico disparate... *(Murmurios.)* —Eu estiven escoitando a todo o mundo con atención, paréceme que o tema é o suficientemente grave como para que respecten as opinións dos demais.—

Nós estamos dicindo que é un auténtico disparate que Galiza, que segue sendo excedentaria —non sei por que queren quitarnos esa realidade—, non teña dereito a compensacións na tarifa eléctrica. Ten dereito, e iso é posible e viable no marco enerxético actual. ¿Cal é o problema? Que o Partido Popular non quere iso, porque é unha decisión política seguir mantendo o espolio neste país —seguramente porque é funcional para outros territorios e porque é funcional para que sigan, si, utilizando as portas xiratorias que fan que teñamos un auténtico escándalo, unha auténtica estafa, desde o punto de vista enerxético neste país—.

Desde logo, neste momento crítico as persoas que están traballando en Alcoa, as súas familias e toda esta comarca requiren solucións. E as solucións non están nesas alegacións, señor Conde. Hoxe, ante o escenario que temos, hai que facer unha aposta diferente, e a aposta diferente é nacionalizar Alcoa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: É unha intervención pública para salvar o emprego e poñer fin a este espolio enerxético que sufrimos os galegos e as galegas.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CHAO PÉREZ: Mire, señor Conde, antes puxemos sobre a mesa algúns datos moi concretos sobre a súa xestión, sobre a súa non-xestión, e vostede disto non dixo absolutamente nada. Non explicou por que, tendo a competencia industrial, reducen e reducen fondos e deixan centos de millóns sen executar. É unha cuestión relevante, moi relevante, para o tema que nos ocupa. Foron 200 millóns de euros sen executar o ano pasado, señor Conde, en política industrial. ¿Ten isto relevancia para o futuro industrial do país? Eu creo que calquera entende que si. Así que, por favor, diga algo.

Nada dixo tampouco sobre a súa opinión respecto do proceso de privatización de Inespal que nos trouxo a esta situación, que por suposto é tamén un asunto relevante sobre o que debería posicionarse. Voulle dar algún dato máis para refrescarlle a memoria sobre este asunto. No ano 2005 o Tribunal de Contas xa emitiu un informe sobre os procesos de privatización de empresas públicas levadas a cabo entre 1996 e o 2000, cando gobernaba Aznar —e eu coido que levan na carteira o mesmo carné, ou sexa, que é o carné do Partido Popular—. Nese informe hai algunhas conclusións interesantes sobre o proceso de privatización, e indican que o Estado perdeu nada máis e nada menos que 455,9 millóns de euros por esa operación, ¡455,9 millóns de euros! Non só foi unha estafa económica, non só —e mire que a cifra é grande—, senón que o informe sinala que nese momento Alcoa non cumprira coa totalidade dos compromisos asumidos na operación de privatización, particularmente no referido a investimentos medioambientais. ¿E fixo algo o Partido Popular? Non. ¿Fixeron algo vostedes? Non. ¿Queixáronse? Non, absolutamente nada. Miraron para outro lado, señor Conde.

Claro, once anos de abandono da política industrial teñen consecuencias dramáticas. E esa, gústelle ou non, é responsabilidade súa, e non é unha cuestión exclusiva de competencias, é unha cuestión de competencia e de incumbencia. A vostede incúmbelle, ou debe incumbirlle, que haxa máis de 900 persoas na Mariña lucense que poden perder o seu emprego. E é incumbencia súa que haxa unha industria clave para este país que poida pechar. Non pode vir aquí dicir que nada é responsabilidade súa, facer unha lista de demandas para o Goberno do Estado e non ser quen de poñer unha soa proposta da súa competencia. Xa lle digo, é incumbencia, é a súa incumbencia atender os problemas industriais deste país, é a súa incumbencia atender os problemas de emprego deste país. E non fixo unha soa proposta. Así que temo que o que confunde os parlamentos é vostede. Temo que o que confunde as súas responsabilidades é vostede, porque vostede non é un delegado do Goberno, vostede é conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con competencias na materia, e non foi quen —insisto— de poñer unha soa proposta da súa área de responsabilidade sobre a mesa.

Polo tanto, creo que non só confunde iso, creo que tamén confunde o seu papel aquí. Vostede está aquí para dar resposta ás preguntas da oposición, e non respondeu unha soa pregunta, ¡nin unha soa pregunta! E fixémoslle preguntas moi concretas, preguntamos que opina respecto da privatización, que opina respecto da regulación do mercado eléctrico, que opina respecto de reclamarlle a Alcoa o diñeiro recibido en investimentos públicos para garantir os postos de emprego. E agora dá a calada por resposta.

Falamos de política industrial pero deberiamos falar, por suposto, de innovación. Cando todos os estudosos coinciden en que é máis importante ca nunca impulsar políticas de I+D+i, en 2019 vostedes deixaron sen executar o 25 % dos créditos iniciais; é dicir, un de cada catro

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros. Así é moi difícil apostar pola industria, así é moi difícil dotar de futuro este país. Tratar de mudar fábricas por bares, que é o que levan facendo durante once anos, fialo todo ao Xacobeo e ao turismo, ten dramáticas consecuencias, porque o fan ao mesmo tempo que abandonan toda a política industrial. E din que é que vostedes non poden facer nada, que todo depende do Goberno do Estado.

Señor Conde, isto ten consecuencias directas sobre o emprego e —insisto— iso tamén é responsabilidade exclusiva súa.

Alégrame moito que o señor Tellado escoite con atención as palabras da nosa ministra Yolanda Díaz, alégrame. Igual pode tomar nota. Xa que a ela a citou, eu tamén a vou citar. E dicía Yolanda Díaz hai dous días no Congreso que o modelo económico do Partido Popular é perfectamente coñecido. A milagre económica do Partido Popular ten un nome, chámase Rodrigo Rato e está no cárcere. Cadaquén pode sacar as súas conclusións. Así que, señor Tellado, señor Conde, vinlles moito interese en comparar gobernos. Se queren comparar gobernos podemos e debemos facelo, dende logo que si. Coido que non haberá propaganda nin televisión pública financiada suficiente para tapar todas as súas vergoñas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor conselleiro, a súa intervención defrauda. Defrauda a Galicia, defrauda as necesidades da cidadanía galega, defrauda os traballadores da planta de Alcoa de San Cibrao. E defrauda porque non hai folla de ruta, porque é o mesmo non ter conselleiro de Economía e Industria que as políticas que están facendo vostedes á fronte da Xunta de Galicia: a inacción, a ausencia, a falla de compromiso. E ademais é que non lles preocupa, non teñen respostas, non teñen solución. Dedícanse simplemente a botar balóns fóra e a tentar poñer as responsabilidades noutras esferas de goberno porque aquí non hai goberno, aquí non hai política industrial. Vostedes non teñen ningunha responsabilidade, non a queren asumir. E non van facer nada distinto. Levan once anos á fronte do Goberno de Galicia permitindo que en Galicia se perda peso industrial. Caeron empresas de distintos sectores, de distintos ámbitos, sen respostas. E esa caída continua é a política industrial, a política industrial do PP: a da desindustrialización.

Claro, eu crin que ían vir falar de política industrial. Encóntrome con que non, con que non lles interesa. Non falan de instrumentos nin de obxectivos nin de orzamentos nin de planificación nin de medidas. Non traen nada, teñen un caixón baleiro á hora de falar da industria en Galicia. Non hai ningunha medida que plantexe ningunha folla de ruta máis alá de reclamarlle á Administración do Estado as cuestións nas que o Goberno de España traballa —á diferenza do que pasaba cando vostedes gobernaban no país—.

E creo que Galicia merece algo distinto. Galicia merece un goberno que se poña á fronte da crise industrial, que dea respostas á política industrial do país, que o Partido Popular faga

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén intervencións para dar respostas. Eu crin que hoxe ía intervir aquí —xa que non viña o presidente da Xunta— o voceiro parlamentario que sabe algo de economía pola súa formación —aínda que de perspectivas ben contrarias á miña—. Pero prefiren poñer a quen non ten nin a formación nin o discurso nin o plantexamento, porque non lles importa. Nin vén Feijóo, nin fala o voceiro, e simplemente están no ruxerruxe ao que está acostumado o PP cada vez que falan: o de «implementando» e demais... *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Caballero Míguez interrompe o seu discurso.)*

¡Un pouquiño máis!

¿Podo seguir, señor presidente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

¡Eu non interrompo nunca! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Este é o respecto do Partido Popular en sede parlamentaria. Espero que o presidente me permita seguir.

Dicía o conselleiro de Economía e Industria, preguntaba aquí, despois da intervención do representante do Partido Popular, que falou do PSOE e falou de min... Están moi preocupados, pero non falan da industria nin dan respostas. E preguntábanos se estamos dispostos a facer o mesmo que fai o Goberno da Xunta de Galicia. Evidentemente, non. ¡En absoluto! Non estamos na liña de desindustrializar Galicia, de non ter medidas, de non solucionar os problemas das industrias. ¡Claro que non! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E nós plantexámolo: non é unha solución técnica; é unha solución económica e industrial, de política económica industrial. Cando se fala de que a única cuestión é unha cuestión técnica, amósase descoñecemento absoluto da política económica. ¡É que non ten nada que ver cunha solución técnica dunha cuestión! ¡Claro que calquera decisión política de economía e de industria ten logo unha plasmación técnica dos documentos; pero hai que ter unha folla de ruta e vostedes carecen! ¡Non traen ningunha proposta! Con vostedes á fronte da Xunta de Galicia, a industria de Galicia vai seguir caendo e caendo ata ser a industria dos cemiterios. Non teñen propostas, nin compromiso, nin orientación.

E cando falan de desprezos..., vostedes desprezan as traballadoras e traballadores de Galicia cando permiten que Galicia perda esa cantidade de emprego, en xeral, e tamén no ámbito industrial; ¡e aquí non pasa nada!

E paréceme ben, señor conselleiro, que recoñeza que un Goberno de España que se puxo á fronte de liderar unha política económica activa na Unión Europea —a diferenza do que fan os seus socios liberais en Europa— plantexou unha resposta clara para conseguir orzar miles de millóns de euros en Europa e que poidan chegar cento corenta mil millóns de euros á economía española, ben directamente ou ben a través de liquidez. Aplaudan o Goberno de España cando o consigan. Teñan a lealdade de recoñecer que hai un Goberno á fronte, mentres hai unha oposición do Partido Popular e da ultradereita botada ao monte que non aporta

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nada en política industrial. O Goberno de España comprométese en política industrial; non pasaba cando gobernaba Rajoy. Non había ningunha decisión en política industrial, e tivo que vir o Goberno de España tamén solucionar a crise industrial en Barreras porque vostedes estaban ausentes. E estamos esperando polos compromisos de Feijóo en *prime time* da TVG para garantir esas situacións.

Nós temos un compromiso. Reclamámoslle ao Goberno de España, dende logo, que convoque a mesa multilateral, como se vai facer. Pedimos que se barallen todas as intervencións legal e economicamente viables, porque hai que gañar tempo para que non se paren as cubas, porque hai que manter o emprego, e, se se toma unha decisión irreversible, non haberá remontada. Sabemos que teñen que saír nas próximas semanas os plans de garantías que permitan os avais. Inmediatamente, de aquí ás próximas semanas con carácter inmediato. Pero temos que ter en Galicia alguén que colabore,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e o Goberno do Partido Popular non resolve nada en Galicia, non axuda. En España vai haber un Goberno ao longo dos próximos anos que vai manter un compromiso coa política industrial, como se mostrou aquí en Galicia cando dedicou catro mil trescentos millóns de euros á industria en Ferrol, nas fragatas, a maior inversión industrial na historia de Galicia... ¡e vostedes téñena nun caixón!

E agora en Alcoa é necesario que haxa á fronte da Xunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...un Goberno que continúe a dar solucións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Con Feijóo e o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...non hai ningún avance en solucións en materia industrial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e necesitamos un novo tempo político.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

(Pausa.)

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TELLADO FILGUEIRA: Logo de escoitar o *teatrillo* do señor Caballero, pois... supoño que todos os que seguen esta sesión entenderán por que non foi necesario que interviñera en nome do Partido Popular o profesor Puy. Porque non era preciso, porque calquera voceiro podería evidenciar cales son as tremendas contradicións do Partido Socialista Galego nestes momentos. E a verdade é que teño que recoñecer que é moito máis digno escapar da Cámara cando vai falar o grupo político contrario ao teu que meterse debaixo do escano, que é o que tería que facer o señor Caballero.

Vén de recoñecer, ademais... Perdeu unha ocasión: perdeu a ocasión de pedir desculpas polos reiterados enganos e mentiras do seu partido, do PSdeG-PSOE, aos traballadores de Alcoa durante os últimos dous anos. Eu lamento que non o fixera. Ademais, recoñeceu que a decisión de axudar ou non a Alcoa non é unha decisión técnica; que é unha decisión política. ¡Ah! Ou sexa, non é verdade entón que non axuden a Alcoa porque non poidan; ou sexa, non axudan a Alcoa porque non queren. Ese é o tema. ¡Dramático! Por iso a fuga do señor Gonzalo Caballero, que sae por pernas porque é mellor non escoitar.

Mire, dúas noticias que contrastan perfectamente: «*Mariano Rajoy medió en Nueva York por las fábricas españolas de Alcoa en el año 2012*». ¿Que fixo este Goberno? ¡Nada! Noticia de *La Voz de Galicia* destes días: «*disputas entre Maroto y Ribera frenan los incentivos eléctricos*». Por iso estamos así. ¡Se ademais o acaba de demostrar a señora Ana Pontón con claridade; ela mesma criticou o Partido Socialista! ¿É esa a alternativa que se presenta a estas eleccións?

«*Cantabria, Galicia y Asturias pactan alegaciones para asegurar la competitividad de las empresas electrointensivas*». ¿Que fixo o Partido Socialista cando estas alegacións foron ao Senado? ¡Votou en contra! ¿E que fixo o representante do PSdeG-PSOE no grupo parlamentario no Senado, en Madrid? ¡Votar en contra, coa conivencia do señor Gonzalo Caballero! Polo tanto, señor Conde, ¿que espera deste partido? ¿Cre que van apoiar as alegacións que apoian a Xunta de Galicia, Asturias e Cantabria? ¡É que defende mellor os intereses dos traballadores de Alcoa o Partido Socialista de Asturias que o Partido Socialista de Galicia, do señor Gonzalo Caballero! ¡Que vergonza!

Asistimos a un ataque global á industria galega. Señor Caballero, consiga as noticias: o naval non ten carga de traballo; das fragatas F-110, nada; do BAM que demandabamos facer, nada, e agora perderon un contrato coa Armada norteamericana; a automoción, con problemas; queren pechar Ence; atacan as conserveiras de toda a costa galega —máis de cen industrias a través da Lei de cambio climático....— Non, xa sei que vostede está aquí para dicir que non. ¡Esa é a realidade! E, agora, as electrointensivas.

¿Que lle pedimos nós ao Goberno? O mesmo que fai o Goberno de Alemaña, o mesmo que fai o Goberno de Francia. ¿Por que non o fai o Goberno do Partido Socialista? Explicouno o señor Caballero: porque non queren. Esa é a realidade.

Miren, señorías, cando ocupamos un escano deste hemiciclo —escoite ben, señor Caballero; de secretario a secretario, novamente— asumimos unha responsabilidade: a responsabilidade de defender os intereses de Galicia por riba de calquera outra cuestión; por riba, incluso,

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das siglas do partido propio ao que pertencemos cada un. E creo, señor Caballero, que vostede traizoou esa responsabilidade, e traizoou ese compromiso unha e outra vez, e hoxe volveu facelo.

Cando ocupamos un escano neste hemiciclo, asumimos a responsabilidade de vestir unha camiseta, e é a camiseta de Galicia. ¡A de Galicia! Deixe a do partido, deixe a de Sánchez. Vostede non o fai, vostede traizoou unha e outra vez esa responsabilidade e ese compromiso, e hoxe volveu facelo.

Fíxese que ao PSdeG-PSOE só lle pedimos nada máis que asuma os seus propios compromisos, as súas promesas electorais do último ano e medio..., e nin tan sequera iso. Creo que se equivoca e que esa forma de facer política non é útil para Galicia; nin sequera é útil para o PSdeG-PSOE, e por iso moitos socialistas galegos non se senten representados por vostede e por esa forma de facer política. A súa máxima aspiración política é ser amigo de Sánchez, como Iñaki. Vendo a política de enchufismos, e que Pedro Sánchez coloca os seus amigos en postos importantes, entendemos esa aspiración que ten vostede. Esa é a súa aspiración, pero Galicia precisa representantes que sirvan a Galicia e que sexan útiles a Galicia, porque a nosa aspiración é Galicia e vai seguir sendo Galicia.

Vostede só é útil a Pedro Sánchez: deféndeo ata o final, defende o indefendible, e é vostede submiso e servil a Sánchez, e ao mesmo tempo dálle as costas a Galicia. Vostede sabe cal é a súa folla política: o *Manual de resistencia (mostra o libro).* Esta é a súa biblia. Fe absoluta no líder e submisión, aínda que iso supoña traizoar a Galicia. Ese será o seu testamento político...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nunha carreira que pode ser efémera.

Nós temos outra referencia. Non é esa. A nosa referencia é esta: o *Estatuto de autonomía*, ¡defender Galicia! E por iso nós estamos aquí, e imos seguir estándoo defendendo os postos de traballo das industrias electrointensivas. Eses 534 empregos que a vostede lle importan moi pouco... porque vostede está aquí máis preparado no microespazo electoral e en ver cal é a súa cámara. Dende logo, esta, que é a Cámara de todos os galegos, parece indicar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...parece indicar que non é a súa Cámara.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

(Pausa.)

Peche da comparecencia. Conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Hoxe comparecía, precisamente, para abordar un tema de enorme transcendencia, e sobre todo porque hai moitas familias en vilo —preto de mil familias na Mariña lucense— e porque, ademais, está en xogo a viabilidade de todo un sector esencial para a nosa economía. E estamos nunha situación límite, e o tempo corre na nosa contra. E por iso é especialmente importante actuar de forma inmediata, e, na nosa opinión, na opinión da Xunta de Galicia, tamén o é actuar de forma coordinada e cunha soa voz. Por iso eu lles trasladaba a importancia de que todos os grupos parlamentarios puidesen apoiar as alegacións que ten presentado a Xunta de Galicia xunto cos gobernos de Asturias e de Cantabria. Porque isto non é unha cuestión de cores políticas; é unha cuestión de como apoiar unha empresa, uns traballadores que están vendo como unha inacción por parte do Goberno de España, contraria ao que están facendo outros países, pode supoñer a perda dos seus postos de traballo. Para iso, estamos en contacto permanente co Comité de Empresa; agora mesmo teño unha reunión co propio Comité, despois de varios encontros que tivemos durante as últimas semanas. E pódolles trasladar que a Xunta de Galicia non deixará de estar ao seu lado, e, polo tanto, non deixará de buscar todas as alternativas e calquera medida que poida dar unha solución aos seus empregos, unha solución á viabilidade dende o punto de vista da empresa en Alcoa San Cibrao.

Polo tanto, creo que estamos ante un momento de enorme responsabilidade, tanto do Goberno como dos grupos parlamentarios, porque o que está en xogo é a política industrial, e está en xogo a industria básica electrointensiva en Galicia. E están en xogo, polo tanto, mil empregos na Mariña lucense; pero están en xogo tamén os empregos de cinco mil persoas que están traballando na industria básica electrointensiva. Por iso é tan importante que neste posicionamento esteamos pensando no futuro, esteamos pensando que a política industrial de España non pode pechar empresas buscando como escusas posicionamentos vinculados ao medio ambiente; é compatible o medio ambiente coa industria básica. E por iso debemos facer unha fronte común cos traballadores de Alcoa San Cibrao. Deben de ser a única dedicación do Goberno e dos grupos parlamentarios os traballadores de Alcoa-San Cibrao. E, por suposto, estamos a tempo de atopar esa solución e estamos a tempo de que o Goberno de España —por suposto coa colaboración e a implicación da Xunta de Galicia— poida dar esa resposta e poida dar unha resposta ao futuro dos empregos de Alcoa-San Cibrao. Só necesitamos esa vontade política, porque é unha cuestión de vontade política, non é unha cuestión de legalidade. Só falta dotar, en definitiva, esta industria dun marco enerxético estable, que teña un prezo competitivo equiparado ao que teñen outros países europeos e que estea acompañado dun plan de investimentos. E o Goberno ten agora un instrumento máis ao seu alcance do que pode botar man para garantir ese futuro e esa viabilidade. A existencia e a posibilidade de que o Goberno poida dedicar ao sector electrointensivo unha parte dos fondos que Europa vai asignar a España para a reactivación económica é unha decisión que dende a Xunta de Galicia imos defender. Está, dende logo, nas súas mans elaborar ese plan de investimentos específico para esta industria igual que o vai facer con sectores como o sector da automoción. Sería moi duro ver como se lle encontra unha solución á planta de Nissan e

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non se lle dá unha solución á planta de Alcoa cos mesmos instrumentos, cos mesmos mecanismos.

A mellor medida de presión para dar máis eco ás demandas dos traballadores de Alcoa-San Cibrao, dende logo, é que este Parlamento poida trasladar unha mensaxe de unidade. Non hai outra vía. Galicia ten que defender sen fisuras a súa industria e os seus postos de traballo. Non se entendería —dende logo, ninguén o entendería— que, habendo mecanismos para atopar esa solución, o Goberno non os empregase. Non sería entendible e, dende logo, non se lles podería explicar ás familias, que nestes momentos o que precisan é unha resposta.

Equivócase quen pense que esta é unha cuestión de partidos. Non, isto é unha cuestión dos traballadores do sector, dos municipios afectados, dos gobernos de Asturias, de Cantabria e da propia Xunta de Galicia. Todos estamos na mesma causa, e o único que pedimos é que o Goberno actúe e reaccione xa. Polo tanto, despois de dous anos perdidos, creo que paga a pena que o Goberno rectifique, porque, se rectifica, acertará. E, se acerta, contará co apoio da Xunta de Galicia, porque só hai unha motivación, que son os traballadores. E, por iso, téndolles de novo a man e convido a todos os grupos desta Cámara a que se sumen a esta demanda; unha demanda na que a Xunta de Galicia vai seguir traballando xunto cos traballadores, vai asistir a todas as mesas e a todos os formatos que se poñan á disposición por parte do Goberno para poder atopar esa solución. Dende logo, nós intentaremos atopar esa resposta, porque o único que fará a Xunta de Galicia será intentar dar unha resposta a unha demanda que nestes momentos teñen os traballadores de Alcoa, pero que é unha demanda que nestes momentos tamén teñen o conxunto dos traballadores da industria básica e electrointensiva en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí a comparecencia e rematan tamén todos os puntos que tiñamos na orde do día desta Deputación Permanente.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGr73WSAf6v9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/